Lucía Santiago Sanmiguel
Grupo de Investigación HISTAGRA (USC)

INFORME HISTÓRICO

Memoria final

FOSA DO CEMITERIO DE SANTA MARÍA DE LUOU (TEO)



Imaxe 1: Fotografía da igrexa de Santa María de Luou, s. XX.

Fonte: Arquivo Municipal de Teo.

Imaxe 2: Fotografía da igrexa de Santa María de Luou, 2025.

Fotografía de Lucía Santiago

Firmado por
SANTIAGO SANMIGUEL
LUCIA - ***9216**
el día 21/04/2026
con un certificado

Índice de contidos

1. Introdución 2
2. Metodoloxía 3
3. Antecedentes 5
    3.1. Localización e contexto xeográfico 6
4. Contexto histórico xeral: configuración da resistencia antifranquista 10
    4.1. A V Agrupación do Exército Guerrilleiro en Teo 20
        4.1.1. O 19 de maio de 1948, a resistencia en Loureiro (Luou-Teo) 24
5. Indagación preliminar sobre as vítimas para a súa identificación e localización 32
    5.1. 5.1. Manuel Agrasar Cajaraville, “Barbarroxa” 41
        5.1.1. Información adicional para a identificación de Manuel Agrasar Cajaraville 47
    5.2. 5.2. Ricardo Fernández Carlés 48
        5.2.1. Información adicional para a identificación de Ricardo Fernández Carlés 51
    5.3. Vicente López Novo, “El hijo de la Nova” e “Rufino” 52
        5.3.1. Información adicional para a identificación de Vicente López Novo 59
    5.4. Florentino Palacios Menéndez, “Tino” 61
        5.4.1. Información adicional para a identificación de Florentino Palacios Menéndez 62
6. Fichas resumo sobre as vítimas 64
7. Documentación do espazo a intervir: localización da fosa 75
    7.1. O cemiterio do adro da igrexa e a Casa do Belén 77
8. Intervención arqueolóxica 90
9. Fontes e referencias bibliográficas 95

ANEXOS

1. Introdución

O presente informe histórico recolle os resultados das investigacións realizadas sobre a fosa común do cemiterio parroquial de Santa María de Luou, no concello de Teo (A Coruña), onde se localizaban os restos de catro persoas vinculadas á resistencia antifranquista que foron asasinadas no mes de maio de 1948. Trátanse de Manuel Agrasar Cajaraville, Ricardo Fernández Carlés, Vicente López Novo e Florentino Palacios Menéndez.

O estudo e intervención en dito lugar de violencia, insírense nas actuacións do Plan Cuadrienal de Memoria Democrática de Galicia (2025–2028) e corresponde á primeira das tres liñas estratéxicas. Este traballo constituíu a base para a planificación da prospección, delimitación, exhumación e posterior identificación das vítimas. Todo o proceso desenvólvese conforme aos principios de verdade, xustiza, reparación e garantías de non repetición, recollidos na Lei 20/2022, do 19 de outubro, de Memoria Democrática.

2. Metodoloxía

A investigación histórica e historiográfica desenvolvida baseouse nun enfoque multidisciplinar, no que se combinan a análise documental, o traballo de campo e a colaboración con familiares das vítimas, veciñanza e co tecido asociativo. Trátase dun procedemento consolidado, que complementa a investigación arqueolóxica, a análise antropolóxica forense e a identificación xenética, e que ven sido empregado con éxito noutras intervencións en Galicia dentro do marco do Plan de Memoria Democrática.

A análise documental baseouse en fontes bibliográficas, hemerográficas e orais, así como na consulta de arquivos de distinta natureza —municipais e provinciais, o Centro Documental da Memoria Histórica, militares e da Garda Civil, eclesiásticos ou pertencentes á Real Academia Galega, entre outros—, ademais de pescudas no Rexistro Civil de Luou. Este labor permite reconstruír o contexto histórico e social das vítimas e establecer unha base sólida para as seguintes fases da intervención.

O traballo de campo incluíu a realización dunha prospección inicial e a delimitación da área de intervención, así como a identificación e o contacto cos familiares das vítimas. Este proceso permitiu ampliar a reconstrución das súas traxectorias vitais e incrementar o número de solicitudes formais, pasando dunha a catro peticións de localización e identificación dos restos.

Durante a intervención arqueolóxica, e mesmo unha vez finalizada, continuaron as xestións orientadas á localización de novos familiares. Como resultado destas actuacións, púxose en contacto coa equipa un sobriño directo de Ricardo Fernández Carlés, o que aumenta significativamente as probabilidades de identificación xenética. Nesta liña, tamén foi de vital importancia o contacto coas netas e bisnetas de Manuel Agrasar Cajaraville.

Do mesmo xeito, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Barbanza (CRMHB) desenvolveu un traballo específico no marco das súas actuacións destinado a localizar a tumba da nai de Vicente López Novo, cuestión que será abordada con maior detalle no apartado 5.3. deste informe.

A implicación das familias de Manuel Agrasar Cajaraville e Ricardo Fernández Carlés, da veciñanza de Luou e das asociacións memorialísticas resultou esencial, pois, en sinerxía coas demais fontes, contribuíu a enriquecer o estudo e a crear unha rede de colaboración e apoio. A equipa investigadora expresa o seu agradecemento especialmente ás familias, que acompañaron todo o proceso, mesmo durante os traballos destinados á localización e exhumación.

Así mesmo, agradecemos a colaboración do Concello de Teo e de Pablo Sanmartín, Javier Devesa, Alexandre Leis Carlés[1], Álvaro Parajó, Alexandre Sinde Vázquez, Araceli Clotilde e María Luz Sisto Parajó, Rafa Sisto, Patricia Martínez, María del Carmen García García, Angelita Cueva Fonseca, Begoña Collado Villa, Xosé Luís Santos Cabanas e demais persoas que forman a Asociación A Oliveira; así como de todas as persoas que, directa ou indirectamente, contribuíron ao desenvolvemento deste traballo de investigación.

Por último, cómpre subliñar que, sen intención de abrir un debate, entendemos que a orixe da resistencia antifranquista galega non debe situarse só na posguerra nin reducirse ás organizacións xurdidas nas cárceres e centros de concentración ou de traballo forzoso. Consideramos que xorde no propio golpe de Estado de 1936 e na Guerra Civil, cando se produce a primeira resistencia armada e a fuxida aos montes motivada por diferentes razóns colectivas e individuais de cada unha das persoas que o tiveron que facer. Esta interpretación conecta coas revisións posteriores do historiador Hartmut Heine que primeiro sitúa o inicio da guerrilla nun marco cronolóxico máis conservador, a comezos dos anos corenta; pero que logo a enmarca tras a derrota da resistencia republicana inicial no golpe e a violencia masiva inmediata (Fernández E., e Pereira, D., 2023). Porén, neste informe empregamos “resistencia armanada antifranquista” ou “resistencia/guerrilla antifranquista” exclusivamente para designar o tempo no que estes agrupamentos de resistencia armada estivo formalmente organizada, primeiro baixo a “Federación de Guerrillas de Galicia-León” e posteriormente como “Exército Guerrilleiro de Galicia”.

[1] Neto de Eloy Carlés Romero: http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/18804/

3. Antecedentes

No ano 2024, a equipa coordinadora das actuacións do Plan de Memoria Democrática recibiu a solicitude formal da Asociación Oliveira de Teo para intervir unha fosa vinculada á resistencia antifranquista que se atopa no adro da igrexa parroquial de Luou. Esta entidade leva traballando, cando menos desde o ano 2009, na recuperación da memoria histórica e na defensa do patrimonio inmaterial do concello.

A fosa coñécese na zona como a dos Foucellas, denominación popular que remite á figura de Benigno Andrade García ("O Foucellas") e á súa agrupación, e mesmo ao conxunto de guerrilleiros de Galicia. A memoria oral da parroquia preservou desde o primeiro momento unha referencia clara sobre o lugar de enterramento: o espazo localizaríase nas inmediacións da chamada casa do Belén ou de fábrica, entre o seu patín e o osario, no adro da igrexa de Santa María de Luou. Aínda que se ten presente o lugar e o acontecido no imaxinario popular, o espazo non está sinalizado nin conta cunha marca memorial que lembre ás vítimas.

Antes de iniciar a investigación, tanto a veciñanza como a literatura sinalaba que a inhumación se producira a finais de maio de 1948, cando catro guerrilleiros foron asasinados durante —e mesmo hai quen apunta que despois— un enfrontamento coa Garda Civil na aldea de Loureiro, na mesma parroquia. Estes guerrilleiros formaban parte da agrupación dirixida por Benigno Andrade García, quen conseguiu escapar do altercado xunto con José Ramuiñán Barreiro, coñecido como "Ricardito".

Os seus compañeiros non tiveron a mesma fortuna. As vítimas falecidas serían Ricardo Fernández Carlés, natural de Pontecesures; Manuel Agrasar Cajaraville, da Matanza (Padrón); Vicente López Novo, de Santa Uxía de Ribeira máis unha cuarta vítima. Sobre esta última, tanto as referencias bibliográficas como os documentos institucionais do franquismo ofrecían diversas denominacións —Constantino, Florentino, ou Tino, ademais de O Asturiano e cos apelidos Menéndez Palacio ou con orde inversa—, polo que a súa identidade quedaba pouco definida antes da investigación actual.

Cómpre destacar que a base de datos Nomes e Voces, centrada nas vítimas da violencia derivada do golpe de 1936 e ata 1939, non recolle información directa sobre o período da resistencia armada antifranquista nin sobre os lugares de enterramento vinculados. Con todo, si que aparecen referencias previas á incorporación ás *fileiras guerrilleiras* sobre Manuel Agrasar Cajaraville, Benigno Andrade García e Ricardo Fernández Carlés.

Estas informacións iniciais constituíron o punto de partida da investigación histórica, na que se abordou a análise de diversas fontes e relatos. A partir delas foron formuladas hipóteses sobre os feitos acontecidos no "enfrontamento" do 19 de maio de 1948 en Loureiro, e sobre o lugar de enterramento colectivo das catro vítimas, así como os seus contextos sociais e vitais.

3.1. Localización e contexto xeográfico

O concello de Teo, na provincia da Coruña, forma parte da comarca de Santiago e abrangue unha superficie de aproximadamente 80 km². Na actualidade conta cunha poboación que ascende a 19.000 habitantes, un 105.6 % máis que en 1950. O Concello distribúese en 13 parroquias: Santa María de Baamonde, San Simón de Ons de Cacheiras, San Xoán de Calo, Santa María de Lampai, Santa Mariña de Lucí, San Francisco de Asís dos Tilos, Santa Baia de Oza, San Miguel de Rarís, San Xoán de Recesende, San Cristovo de Reis, Santa María de Teo, San Tomé de Vilariño e Santa María de Luou. A parroquia de Santa María de Luou, situada ao sur do municipio, ocupa unha extensión próxima aos 9 km². Limita coas parroquias de Lampai ao oeste, Ribasar ao norte e Recesende ao leste, así como co concello da Estrada (provincia de Pontevedra) ao sur, a través do río Ulla na zona de Pontevea. A súa poboación distribúese en diferentes aldeas conectadas por camiños e estradas locais: O Aido, Bustelo, Cantoña, Caxade, Espasande, A Igrexa (onde se sitúa o cemiterio parroquial), A Ínsua, Loureiro, Nespereira, Paraxó, Quintáns, Regoufe e Trasellas.

O relevo de Luou caracterízase por suaves ondulacións que conforman un cordón orográfico. Ao suroeste, cara a Pontevea e Padrón, esténdense os Montes de Lampai, que se prolongan ata o Monte Meda e descenden polas abas cara ao val do río Ulla. Polo leste e sueste elévanse

o Monte de Couso e pequenas serras que pechan o val antes da ponte de Pontevea. Ao norte, en dirección a Santiago, sobresaen o Monte dos Anxos e as terras altas de Cacheiras, cun punto destacado no Monte de Montouto, divisoria natural entre a bacía do Ulla e a depresión compostelá. Ao oeste, as elevacións de Recesende e Reis enlazan coas abas orientais dos montes de Brión. Ademais do río Ulla, que pasa por Teo en dirección leste e oeste, descorren polo municipio os seguintes ríos e regos: Angueira, Rego do Tarrío e Tinto, afluencia do Sar; Pereiro, Santa Lucía, Tella e Rego do Chao, afluentes do Ulla (Sanmartín, P., 2024: 19). Estas características orográficas puideron ofrecer condicións propensas para o desprazamento discreto e o ocultamento dos combatentes antifranquistas; facilitando tanto a mobilidade como a conexión entre diferentes núcleos de resistencia e o contacto coa veciñanza que lles proporcionaba apoio.

XUNTA DE GALICIA
INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
Ames
Estavades (San Xulián)
Brión
Rois
Ribeira (Santa María)
Padrón
Lampai (Santa María)
Caldo (San Xoán)
Lugo (Santa María)
Carracia (San Pedro)
Teo
Cachiras (San Simón de Ons)
Recesende (San Xoán)
Raris (San Miguel)
Reis (San Cristovo)
Oza (Santa Baia)
Luci (Santa María)
Vedra
San Xián de Sales (San Xián)
Illobre (Santo André)
Bamonde (Santa María)
Vilariño (San Tomé)
Teo (Santa María)
Trobe (Santo André)
Información procedente da web:
http://mapas.xunta.gal/
Proxección U.T.M. Fuso 29
Elipsoide GRS80
Sistema de referencia ETRS89
1:36.112
0 0,225 0,45 0,9 1,35 1,8 km


XUNTA DE GALICIA
INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
Ames
Estavedes (San Xulián)
Brión
Rois
Ribeira (Santa María)
Calo (San Xoán)
Padrón
Lampai (Santa María)
Lucou (Santa María)
Teo
Carracia (San Pedro)
Recesende (San Xoán)
Cacheiras (San Simón de Ons)
Vedra
San Xián de Sales (San Xián)
Raris (San Miguel)
Oza (Santa Baia)
Luci (Santa Mariña)
Reis (San Cristovo)
Illobre (Santo André)
Bamonde (Santa María)
Vilariño (San Tomé)
Teo (Santa María)
Trobe (Santo André)
Información procedente da web:
http://mapas.xunta.gal/
Proxección U.T.M. Fuso 29
Elipsoide GRS80
Sistema de referencia ETRS89
1:36.112
0 0.225 0.45 0.9 1.35 1.8 km

4. Contexto histórico xeral: configuración da resistencia antifranquista

Antes de nos centrar nas vítimas de forma individual, consideramos necesario realizar un percorrido global que contextualice de forma sinxela a resistencia antifranquista no noroeste peninsular. Deste xeito, a partir de diversos estudos e publicacións de especialistas na materia, construímos un marco contextual de carácter xeral no que se insire o acontecido en Loureiro.

Como xa sinalamos, a masiva violencia exercida durante o golpe e consolidada co réxime franquista obrigou a numerosas persoas a buscar refuxio, principalmente nos montes. Estas fuxidas adoptaron formas diversas, condicionadas tanto pola distancia percorrida ata os lugares de agocho como polo grao de vínculo que se mantiña coas comunidades de orixe, maioritariamente labregas. En todos os casos, tratábase dunha estratexia de supervivencia atravesada polo medo constante: cómpre lembrar o meticuloso labor de Nomes e Voces, no que se rexistraron máis de 18.000 vítimas en Galicia de diferentes formas de violencia.

O autodenominado “Bando Nacional” negou, e durante o réxime mantivo negada, a violencia exercida mediante unha narrativa xustificadora que desposuíu as persoas asasinadas de dita condición (Míguez Macho, A., 2024). A maquinaria represiva construíuse sobre unha retórica institucionalizada que lexitimaba tanto a violencia extraxudicial como a paralegal. Bastaba con vincular ás persoas coa militancia en organizacións políticas, sindicais ou societarias consideradas inimigas; coa súa participación real ou atribuída nos días previos, durante ou posteriores ao 18 de xullo de 1936; coa deserción das quintas ou do servizo militar; ou coa súa relación co republicanismo, entre outras, para que estas causas se convertesen en razón suficiente para xustificar a violencia exercida.

Así, centos de persoas pasaron de seren simples cidadáns a converterse en *fuxidos*, coñecidos tamén como *maquis* ou *os do monte*. Nunha primeira etapa, estes grupos permanecían dispersos polos montes do norte peninsular e carecían dunha estrutura organizada ou dunha disciplina regular que lles permitise enfrontarse de maneira activa aos seus perseguidores. Con todo, foron eles quen sentaron as bases da resistencia armada na retagarda franquista

durante toda a guerra, ao tecer redes de apoio e consolidar un núcleo humano con experiencia, que posteriormente serviría como alicerce para a resistencia armada organizada da década de 1940 (Fernández E. e Pereira, D., 2022).

Podemos dicir que en Galicia a resistencia armada ou "guerrilla" organizada tivo o seu inicio coa creación formal da Federación de Guerrillas de Galicia-León en 1942, unha organización pluripartidista que estableceu o seu Estado Maior na chamada *Cidade da Selva*, nos montes de Casaio[2] en Carballeda de Valdeorras. Trátase dun espazo que, segundo diversas fontes:

> "(...) forman parte da Serra do Eixe e da fronteira natural entre a meseta norte a través do Bierzo, o norte de Portugal e Galiza (...) unha paisaxe especialmente apta para a loita guerrilleira necesitada dunha combinación moi sutil de ocultación e capacidade de comunicación con outras zonas, coas comunidades locais e aquelas persoas que facían de enlace."
>
> (Guevara 1997; López Silveira 1944; Schmitt 2013; Tsetung 1976 en Tejeirizo-García, C. e Rodríguez Gutiérrez, A., 2024: 23)

Aínda que na súa constitución a Federación de Guerrillas de León-Galicia se presentaba como allea a calquera movemento político este núcleo inicial de resistencia antifranquista foi dotándose progresivamente dunha estrutura de carácter militar e tamén política (Serrano, 1988 e 2001). Organizábase en agrupacións e cada unha delas actuaba nunha zona delimitada, con responsables políticos e militares propios, e subdividíase en guerrillas; por exemplo, a I e a II agrupación estaban integradas por catro guerrillas cada unha. Cómpre subliñar que tanto na Federación como noutros agrupamentos espallados pola xeografía non só se integraron persoas que fuxiran polas razóns xa sinaladas; sumáronse tamén antigos presos de cárceres, campos de concentración e de traballo, xunto con individuos procedentes de redes de enlaces (ibídem., 2024: 31).

[2] Segundo Heine (1982), os montes de Casaio xa acollerían durante o ano 1936 e antes do Golpe de Estado, un grupo de persoas que se organizarían a causa da construción do ferrocarril.

Íanse creando grupos heteroxéneos e con certo dinamismo, o que mesmo puido supor unha das principais fortalezas da guerrilla ao garantir coñecemento do territorio, contactos sociais e certa experiencia organizativa. Con todo, tamén xerou tensións internas en canto á disciplina, á orientación política e á cohesión, dificultando nalgúns momentos a súa consolidación como estrutura unitaria de resistencia (Heine, H. 1983).

De xeito progresivo, o Partido Comunista e a Unión Nacional de España acabaron exercendo unha influencia determinante, mesmo sobre aqueles grupos que operaban de maneira independente. Neste sentido, no IV Congreso da Federación de Guerrillas de Galicia-León, celebrado a finais de 1944, a organización pasou a estar dirixida por cadros do Partido Comunista de España, aumentando tamén o número de militantes comunistas que se incorporaban á guerrilla como consecuencia das fugas dos destacamentos penais (Martínez,L., 2007: 28).

Finalmente, o V Congreso celebrado en 1945 marcou o inicio da hexemonía comunista, reforzada coa chegada de dirixentes do exilio. Antonio Seoane foi nomeado xefe militar da resistencia e José Gómez Gayoso asumiu a secretaría xeral. Neste contexto situouse a constitución do Exército Guerrilleiro de Galicia, creado formalmente en 1944 nunha reunión en Abegondo, mais consolidado entre 1944 e 1945 como parte do proceso de reorganización impulsado polo PCE e polos novos cadros chegados do exilio. Durante un tempo conviviu coa Federación de Guerrillas de León-Galicia, que acabaría diluíndose oficialmente en 1947, abrindo paso a unha estrutura “guerrilleira” máis centralizada e directamente vinculada á formación comunista.

O novo *exército* estruturouse igualmente en agrupacións, co obxectivo de ampliar a súa capacidade organizativa e de coordinación. Neste proceso insírese a creación da IV Agrupación, impulsada por Marcelino Rodríguez Fernández ou “Marrofer”, quen logrou integrar arredor de cincuenta combatentes, procedentes tanto de distintos grupos como de iniciativas individuais. A súa estrutura inicial organizábase en tres Grupos Volantes, que posteriormente pasarían a denominarse Destacamentos.

Foi precisamente Marrofer quen incorporou a Benigno Andrade García, xunto con outros combatentes (entre eles Emilio Pérez Vilariño) para formar parte do Grupo Volante B, dirixido por Manuel Pena Camino, alcumado "O Flores". Segundo recolle Lupe Martínez (2007: 36) no *Grupo Volante C* figuraba tamén José Ramuiñán Barreiro, coa alcume de "Ricardito", baixo o mando de Manuel Ponte Pedreira.


DECIR: "FALANGISTA" ES DECIR:
¡LADRÓN! ¡ASESINO!." POR ESO A-
JUSTICIAMOS A LOS PERROS DEL
IGO Y LAS FLECHAS QUE NEGO-
TAN CON EL HAMBRE DEL CAM-
ESINO.
MUERAN LOS VERDUGOS DEL PUEBLO ESPAÑOL!
¡VIVA LA REPÚBLICA!
ÉRCITO GUERRILLERO DE GALICIA. IV. AGRUPACIÓN- Coruña.

Folla 11 da Causa nº45/1947, caixa 45.
Fonte: Arquivo Histórico Intermedio Militar do Noroeste (AIMNOR).

Esta etapa da *guerrilla* caracterizouse pola intensificación das accións armadas en coherencia coa liña marcada polo PCE, que defendía a necesidade dunha resistencia activa e organizada fronte á pasividade ou á mera supervivencia das persoas que estaban fuxidas ou agochadas no monte. En resposta, o réxime promulgou o *Decreto-Lei sobre represión de los delitos de bandidaje y terrorismo*, cuxo articulado viña legalizar a "guerra sucia" contra o maquis, ou tamén chamado combatente e guerrilleiro. Esta práctica, complementábase coa tortura en interrogatorios de ditos combatentes e civís, ou co emprego de contrapartidas, grupos de

gardas civís disfrazados de guerrilleiros que sementaban a confusión e o medo entre a poboación (Yusta Rodrigo, M., 2003).

En 1947 creouse a V Agrupación do Exército Guerrilleiro baixo o mando de Benigno Andrade, que operaba no norte da provincia de Pontevedra (Heine, 1980) e á que se incorporou Remuiñán. Un ano despois da súa creación, a V Agrupación desenvolvía a súa actividade fundamentalmente nas comarcas de Lalín e A Estrada, organizada en dous destacamentos: un baixo o mando de Vicente López Novo e outro dirixido por Miguel Nicolás, "O Corcheiro", no que se integraban, entre outros, Florentino Palacios Menéndez "Tino" e José Remuiñán Barreiro[3], "Ricardito". Porén, a morte do Corcheiro en Silleda, en abril de 1948, provocou a reunificación dos dous destacamentos. Consideramos que podería ser ao redor destas datas cando se unen ao agrupamento Ricardo Fernández Carlés, de Pontecesures, e Manuel Agrasar Cajaraville, de Padrón, se ben é probable que xa anteriormente estivesen vinculados co movemento.

Zonas de actuación da guerrilla desde 1946 ata 1950 (Máiz Vázquez, B., 2002: 320).

[3] Actas do IV Seminario sobre a Memoria do 2013: Da loita pola terra á loita pola democracia: do agrarismo á guerrilla antifranquista (2013, 24–26 de abril).

Así mesmo, neste contexto organizativo e temporal tiveron lugar os feitos relacionados coa morte de catro dos seus membros: Ricardo, Manuel, Vicente e Florentino. Porén, antes de abordar en detalle estes sucesos, consideramos necesario ofrecer unhas pinceladas biográficas sobre os compañeiros da agrupación que conseguiron sobrevivir ao 19 de maio de 1948: Benigno Andrade García e José Ramuiñen Barreiro.



Primeiro, a fotografía de Benigno Andrade García, "Foucellas" e de seguido a de José Ramuiñán Barreiro, “Ricardito”. Fotografías extraídas do libro *Guerrilleiros Antifranquistas da provincia da Coruña,* de Lupe Martínez (2023: 107 e 387).

Consejo de guerra sumarísimo contra el bandolero 'Foucellas'

El Fiscal pidió para el procesado dos penas de muerte

LA CORUÑA, 26.—(Por teléfono).

A las diez de la mañana comenzó hoy en el salón de actos del cuartel de Sanidad Militar, el consejo de guerra sumarísimo contra el famoso bandolero Benigno Andrade García conocido por "El Foucellas", que había permanecido huido en el monte desde el año 1936 y fué capturado el 9 de marzo del año actual, después de un encuentro en el que resultaron muertos el bandolero Manuel Vilar y el guardia civil Cesáreo Díaz Pérez. En este encuentro también fué herido en una pierna el mismo Foucellas, recibiendo así mismo una herida por arma de fuego el guardia Nicanor Alvarez.

Presidió el tribunal el coronel de Ingenieros don Gaspar Herraiz Llorent, actuando como vocal ponente el capitán auditor don Narciso Alonso Olmedo y como fiscal el teniente del Cuerpo Jurídico don Balbino Teijeiro Piñón. De la defensa estuvo encargado el letrado y capitán de Artillería, don Benito Rivas Pichel.

"El Foucellas" compareció ante el tribunal cojeando visiblemente pues la pierna derecha le ha quedado centímetros más corta que la izquierda a consecuencia de la herida recibida con ocasión de su captura.

El Juez instructor del sumario, comandante de Artillería don José Santamarina Piso procedió a la lectura del apuntamiento. De la lectura y del informe del fiscal se deducen, en resumen, los siguientes hechos:

En la región gallega venían actuando en estos últimos años diversas bandas de foragidos que realizaban numerosos crímenes contra la vida y la propiedad.

De dichas bandas formaba parte unas veces como jefe y otras como simple componente Benigno Andrade García, alias Foucellas, que cometió los actos delictivos que a continuación se exponen: el día 30 de marzo de 1940 acompañado del bandolero Eduardo Sánchez Lata, penetró en el molino de Ramón Sar, sito en La Illana y pistola en mano exigió el dinero que tuviese encima el propietario. Este, alegando que sólo tenía 150 pesetas fué a recoger más dinero a su casa, pero volvió con más vecinos armados que capturaron herido al bandolero Sánchez Lata e hicieron huir al Foucellas.

El 15 de abril de 1942, tres individuos armados entre los que se hallaba el Foucellas se apoderaron de mil pesetas pertenecientes a Cesáreo García, vecino de Boimorto.

El día 30 del mismo mes, en unión de otros dos, robó otras tres mil pesetas a Domingo Bergoña, vecino de Frades. El 30 de junio de 1944, Foucellas y otro bandolero salieron al paso de José Lago y Angel Pérez, que regresaban de la feria de Melide y se apoderaron de 3.500 pesetas. En esta ocasión dieron muerte a Angel Sánchez Rodríguez, convecino de los anteriores.

El 22 de noviembre de 1944, tres bandoleros, entre los que figuraba también Foucellas, exigieron diez mil pesetas a José García Peteiro. Como éste manifestase que no tenía tal cantidad, le fué rebajada a cinco mil pesetas. Uno de los bandoleros propinó un puntapié a García Peteiro, quien pidió auxilio. El Foucellas disparó sobre él, matándolo. Se le achaca a los malhechores que se llevaron 1.150 pesetas.

A las once de la noche del 15 de febrero de 1945, el Foucellas y otro bandolero llamado Manuel Peña Camino mataron a tiros al cabo primero de la Guardia Civil don Manuel López Bello, que se encontraba en un café de la villa de Curtis.

El 4 de enero de 1946, nueve individuos armados mandados por Foucellas penetraron en la casa de Ricardo Rivas, vecino de Traviesas, Carral, que se hallaba enfermo en cama y amenazándolo de muerte le llevaron veinte mil pesetas y una escopeta.

En fecha no precisada de 1946, Foucellas y otros dos bandoleros entregaron armas al también bandolero Manuel Bello Parga y otros más, quienes cometieron el asesinato del periodista coruñés don Arcadio Vilela y de don Manuel Doval, vecino de Cambre.

El 26 de junio de 1946 la Guardia Civil sostuvo un encuentro con una partida de bandoleros entre los que se encontraba Foucellas. Resultaron muertos tres bandoleros y herido un brigada de la Guardia Civil.

A las ocho de la tarde del 6 de enero de 1947, en el lugar de Queiroa, el bandolero Foucellas y otros dos dieron muerte a Antonio Mosquera Aller y a su convecino Manuel Sánchez Quindimil e hirieron a la esposa del primero llamada Manuela Candal.

El día 10 de febrero de 1948, a las nueve de la noche, Foucellas y otros dos bandoleros penetraron en el establecimiento de Jesús Cuñarro, vecino de Cecio (Lalín) y después de atemorizar a un grupo de hombres que estaban en el establecimiento, registraron la casa apoderándose de una escopeta y del dinero que encontraron. Maltrataron de palabra y de obra a Jesús Cuñarro a quien después sacaron de su casa y le dieron muerte en la era. El mismo día los bandoleros entraron en casa de Marcelino González al que exigieron cincuenta y cinco mil pesetas, apoderándose de seis mil y de un cofrecillo. El 31 de abril de 1948, el Foucellas y otros tres bandidos penetraron en el establecimiento de Dolores de la Torre, vecina de Carracedo (Cadafas de Reyes) y dos de ellos, subiendo al piso en donde se encontraba la dueña, le exigieron 30.000 pesetas y se apoderaron de tres mil, de un asilo de oro y de dos botellas de Jerez.

El 5 de mayo del mismo año entraron en casa de Herminia Boiana y se llevaron 500 pesetas, una escopeta y otros efectos.

El 19 de mayo de 1948 en el lugar de Loureiro, el cabo primero de la Guardia Civil Antonio Peña, después de rodear con la fuerza que mandaba una casa, acompañado del guardia Manuel Gordón Castro, se disponía a registrar el pajar de la misma cuando una ráfaga de ametralladora causó la muerte del citado guardia Manuel Gordón. Repelida la agresión resultaron muertos cuatro bandoleros. El Foucellas, que los mandaba, y otro llamado José Ramuñán, consiguieron huir.

El 27 de abril de 1948, en Taragoña (Rianjo) una partida mandada por el Foucellas dió muerte a Ramón Mosquera.

El 8 de enero de 1949 llegó a Sotelo de Montes la partida de atracadores mandada por Foucellas. Dieron muerte al maestro nacional don José Couceiro, cuando la esposa de la víctima, doña María Constenla, también maestra del pueblo, les recriminaba su criminal conducta, también fué herida de muerte por los bandoleros.

El 22 de octubre de 1949, Foucellas desvalijó de cinco mil pesetas al médico de Curtis, don Emilio Martínez.

En los primeros meses de 1949, Foucellas dió muerte a Angel Pazos, vecino de la parroquia de Aranga.

El 9 de marzo de 1952, teniendo noticias la Guardia Civil del paradero de Foucellas en una cueva del lugar de Costa, en Oza de los Ríos, se montó el servicio de cerco correspondiente. Al salir de la cueva con una pistola en la mano, Foucellas recibió orden de rendirse, pero sin acatarla comenzó a disparar auxiliado por otro bandolero, Manuel Vilar, que se hallaba con él. En la refriega resultó muerto el guardia civil Cesáreo Díaz Pérez y herido el guardia Nicanor Alvarez. Los disparos de la Benemérita dieron muerte al forajido Manuel Vilar y dejaron herido a Benigno Andrade, que pudo ser capturado.

LA PETICION FISCAL

Según el fiscal los hechos constitutivos de un delito de formar parte de bandas dedicadas al bandidaje y solicitó para el Foucellas dos penas de muerte. Por otra parte interesó 50.000 pesetas de indemnización por cada una de sus víctimas y otra de 44.150 pesetas en proporción a las cantidades sustraídas a cada una de las personas que fueron objeto de los robos a mano armada antes reseñados.

INFORME DEL DEFENSOR

Después del Fiscal informó el defensor capitán de Artillería y procurador de los tribunales, don Benito Rivas Pichel, alegando que si bien es cierto que desde 1940 los bandoleros venían actuando en la región gallega, atribuyéndose al Foucellas la mayoría de los hechos delictivos que efectuaban, esto era inexacto, pues el procesado se incorporó a las partidas en el año 1945. Añadió que era el bandolero Ponte quien atribuía al Foucellas todos los hechos delictivos, que con anterioridad a esta fecha se habían realizado. Hace resaltar que en cuatrocientos asaltos intervino en ninguno de ellos se ocasionó la muerte a persona alguna y que en cuantos asesinatos efectuaron los bandoleros, en ninguno intervino su defendido material y directamente, aunque en algunos casos formaba parte del grupo que ejecutaba tales crímenes.

Puso de relieve que varias personas salvaron su vida porque el procesado, al tener noticia de que se les iba a exterminar, corría a su domicilio para advertírselo, a fin de que se pusieran a salvo. Terminó suplicando que al amparo del párrafo noveno del artículo 186 del Código de Justicia militar, se rebajasen en un grado las penas solicitadas por el ministerio Fiscal.

Finalmente el presidente del Tribunal preguntó al procesado si tenía algo que alegar. Benigno Andrade declaró que esperaba que se dictase una sentencia verdaderamente justa, negando que él hubiese cometido jamás crímen alguno.

La causa quedó conclusa para sentencia y la condena no será conocida hasta su aprobación por la superioridad.

J. Pardo Bedia
MEDICO OCULISTA
Consulta de 10 a 1 y de 4 a 6
Dolores, 69, primero
EL FERROL DEL CAUDILLO

El correo gallego, diario político de la mañana. Número 25048 - 1952 xullo 27

José Ramuiñán Barreiro, "Ricardito"[4]

José Remuiñán Barreiro, coñecido como "Ricardito", naceu en 1916 na parroquia de Parada (Ordes, A Coruña). Labrego e solteiro, a súa vida estivo marcada pola persecución franquista. O 21 de xullo de 1938 foi xulgado en Compostela, acusado de rebelión por participar nos sucesos do 19 de xullo de 1936, incluído o incendio do local e arquivo da secretaría do Xulgado de Instrución de Ordes, entre outros feitos. Condenado inicialmente a doce anos e un día de prisión, a pena foi posteriormente conmutada por tres anos e oito meses, que cumpriu na cadea. Tras a súa saída, converteuse en fuxido e acabou incorporándose á resistencia antifranquista. En 1946 foi xulgado, xunto con Manuel Ponte Pedreira, Juan Couto Sanjurjo e Saúl Méndez Mayo, por "atraco a mano armada". Un ano máis tarde, en 1947, volveu ser procesado en rebeldía por outro atraco cometido en Ordes.

Logo da desfeita sufrida pola V Agrupación en maio de 1948, incorporouse de novo á IV Agrupación, integrándose no "Destacamento Arturo Cortizas". A súa traxectoria rematou en outubro de 1949, cando morreu en Pazos xunto a Adolfo Allegue Allegue, coñecido como "Riqueche", tras caer nunha emboscada da Garda Civil. Segundo recolle Lupe Martínez (2007:11), o seu corpo sería identificado erroneamente como o de Juan Gabeiras Picovello.


Ramuñán Barreiro José, hijo de José y Antonia, natural de Parada (Ordenes), soltero, jornalero, de 33 años de edad, procesado por el delito de robo a mano armada, comparecerá en el término de veinte días ante el Comandante Juez Instructor del Juzgado Militar Eventual de Plaza número 1, D. José Santos Ferrón, sito en la Comandancia Militar de Plaza de Santiago, bajo apercibimiento de ser declarado rebelde.
Santiago 27 de Marzo de 1947.
El Comandante Juez Instructor,
José Santos Ferrón.

Extracto de requisitoria. *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.* Número 78 - 1947 abril 8

Persecución á súa familia

A Garda Civil e a rede local falanxista exercerían, como en tantos outros casos, unha forte presión sobre a familia de Remuiñán, ata o punto de obrigalos a abandonar Ordes e trasladarse a Burgos. Alí residiron, cando menos, os seus pais José Remuiñán Liste e Antonia Barreiro Recouso, sendo neste

[4] Causas consultadas no AIMNOR sobre José Ramuiñám:
- Fondo da Coruña: Causa nº505 /1947, caixa 127
- Fondo de Santiago de Compostela:
  - Causa 522/1938, caixa 42
  - Causa 672/1946, , caixa 54
  - Causa 262/1948, caixa 58

lugar onde Antonia faleceu. A súa irmá, María Remuiñán Barreiro[5], foi procesada na causa 400/1947 baixo a acusación de "ayuda a bandoleros" e "simpatizante de malhechores". Estivo encarcerada ata febreiro de 1948, cando se declarou extinguida a súa condena. Durante a súa estancia na prisión solicitou en varias ocasións a conmutación da pena, achegando informes médicos que acreditaban os seus problemas de saúde e denunciando a situación de desamparo na que se atopaba, ao estar toda a súa familia desterrada en Burgos.

Benigno Andrade García, "Foucellas"

Nado no lugar das Foucellas (Curtis, A Coruña) en 1908, Benigno Andrade tomou deste topónimo o alcume polo que sería coñecido. Procedente dunha familia labrega, exerceu diversos oficios como xornaleiro, labrego, leiteiro e mineiro en Fabero (León), onde probablemente entrou en contacto coa CNT. Logo, foi militante deste sindicato en Xanceda e cara a 1934 participou na posta en marcha dunha célula comunista en Curtis xunto con Manuel Calvelo López (que sería fusilado) e a esposa Isabel Ríos Lozano, descrita polos fascistas como "comunista acérrima"[6] .Esta última ademais de perder á súa parella, foi penada coa cadea e co exilio forzado.

En xullo de 1936 participou nos enfrontamentos contra a Garda Civil en Cabrui. A persecución e violencia exercida polos golpistas fixo que o 23 de xullo se botase ao monte, converténdose nun dos primeiros fuxidos da comarca. Na documentación franquista aparece arredor do ano 1940 cualificado como "matón", tras un roubo nun muíño xunto con outros compañeiros. En 1941, despois de quebrantar un depósito de millo intervido pola fiscalía, formou o seu propio núcleo guerrilleiro. O réxime comezou entón a atribuírlles delitos de sangue, como o recollido na Causa 516/1944, un dos moitos que se lle imputarían ao longo dos anos[7].

Entre 1944 e 1948 a súa actividade guerrilleira foi especialmente intensa. Tras o *enfrontamento* de Loureiro, conseguiu fuxir e máis tarde tamén se incorporou ao Agrupamento "Arturo Cortizas". Sobreviviu á gran operación *de limpeza* de 1949 en Pazos, época na que o Exército Guerrilleiro xa apenas podía manterse.

[5] Causa 400/1947, caixa 125, fondo AIMNOR. Tamén hai varias noticias de hemeroteca nas que se fala sobre este proceso. Xulgan a 18 persoas, dúas delas a pena de morte: *El Ideal gallego diario católico, regionalista e independiente.* Ano XXXII Número 9663 - 1948 novembro 5.

[6] Causa 399/1936, Caixa 31. Fondo: AIMNOR.

[7] Causas do AIMNOR consultadas sobre Benigno:

- Fondo da Coruña: Causa 380/ 1937, caixa 42 | Causa 331/1940, caixa 72 |Causa 508/1941 caixa 78 | Causa 271/1946, caixa 110 | Causa 21/1946, caixa 104 | Causa 45/1947, caixa 45 | Causa 159/1946, caixa 108 | Causa 53/ 1952, caixa 152
- Fondo de Santiago de Compostela: Causa 399/ 1936, caixa 31 | Causa 516 e 395/ 1947, caixa 51 | Causa 239 e 262 /1948 da caixa 58

Finalmente, en marzo de 1952, foi localizado na zona de Betanzos e capturado para logo ser torturado e xulgado en consello de guerra. Foi condenado a pena de morte e executado a garrote o 7 de agosto de 1952 na prisión provincial da Coruña.

A súa longa traxectoria, prolongada durante dezaseis anos no monte, fixo que a súa figura adquirise unha dimensión lendaria. Esa imaxe quedou condicionada por dous relatos enfrontados: por unha banda, o do réxime que o presentaba como bandoleiro e asasino, e que alimentaba o medo dunha parte da poboación; e, pola outra, o da memoria popular que o reivindicou como símbolo da resistencia antifranquista. Con todo, estas consideracións acabaron proxectándose sobre todos os *foucellas*, é dicir, sobre o conxunto dos membros da resistencia armada.

Persecución á súa familia

A súa muller María Pérez foi detida en 1946 e tras estar na cadea foi desterrada a Tordesillas, onde enfermaría gravemente. Faleceu no hospital de Valladolid, afastada da súa familia e dos fillos. Estes tamén padeceron desde nenos o acoso constante da Garda Civil. Tras a execución de Foucellas, continuaron estigmatizados e sufrindo a violencia falanxista.

4.1. A V Agrupación do Exército Guerrilleiro en Teo

A continuación realizamos un breve percorrido polas causas militares correspondentes aos días previos aos sucesos que deron lugar á morte das catro vítimas inhumadas no cemiterio do adro de Luou. Cómpre ter presente que os feitos recollidos nestes procesos xudiciais non ofrecen un relato neutro e que están mediados polas autoridades franquistas. As declaracións testemuñais aparecen transcritas en terceira persoa, reinterpretadas polos instrutores militares e inseridas nunha lóxica xurídico-represiva que procura dotar de legalidade total o contido do sumario.

O resultado é unha narración que combina elementos de realidade cunha clara intención política: presentar os membros da resistencia como simples delincuentes armados, reforzando así a lexitimidade do réxime na súa loita contra o denominado *bandolerismo*. É precisamente este termo, xunto con outros como *malhechores*, o que aparece reiteradamente nas distintas causas relacionadas coa resistencia, negando así a súa condición política.

No mes de maio de 1948, o grupo movíase polos montes de Teo, Pontevea e o sur de Santiago. O 5 de maio deste mesmo ano o réxime rexistra diversas accións en Teo, concretamente na parroquia de Lampai. Unha delas produciuse na casa do falanxista Maximino García, coñecido por denunciar ante as autoridades franquistas a varias persoas da zona que sufriron persecución e prisión (Lamela García, L. 1992: 113). No seu lugar atopábase a súa muller, quen segundo a causa 239/1948[8], expon que:

> "(...) sobre las 21.30 del citado día en su domicilio unos siete u ocho hombres todos ellos armados sin que cite que clase de armas portadas por serles desconocidas; que todos iban tocados con gorros sin precisar el color, que aproximadamente en su domicilio cuatro individuos de los cuales dos subieron al piso primero siendo estos de las señas personales siguientes: rudos de estatura regular, uno de ellos muy moreno y otro de cara redonda y de tes llana, que el resto de los hombres hasta el total de los ocho quedaron rodeando la casa y

[8] Causa 239/1948, caixa 58, AIMNOR.

> vigilando los caminos de acceso. De su domicilio después de ser registrado llevaron dos latas de bonito, dos botellas de Jerez Quina, una escopeta de caza y cartuchos, aproximadamente un cinto de ellos, sin poder precisar cuántos de ellos estaban. Llevándose también la cantidad de unas quinientas aproximadamente (...)"

Un cuarto de hora despois, segundo as declaracións recollidas na mesma causa, testemuñan Francisco Chico López e Antonio Botana Chico, e consta que da casa deste último levaron unhas mil setecentas pesetas. Botana describiu a tres dos membros do grupo da seguinte maneira:

> "(...) Uno de ellos de con abrigo negro y corbata a rayas de pelo moreno tocado con gorro de color kaki, el otro bajo de pelo rubio de cara ancha y de complexión fuerte con gabardina tocado también de color kaki, el tercero tocado también con color kaki y chaquetón de color oscuro."

Segundo o relato, a Francisco Chico López deixáronlle un exemplar de *El Pueblo Gallego*, e:

> "(...) a las 21.45 llegaron a la puerta unos ocho individuos todos ellos armados y preguntaron por el hijo del declarante que no se encontraba en casa (...) entraron en el interior unos cuatro hombres registrando la casa y llevándose unas mil pesetas en billetes de Banco de España en concepto de multa que asciende a unas veintemil pesetas, pero visto el buen comportamiento de su hijo habían decidido rebajarlo a diez mil (...)"

Así mesmo, figuran no sumario diferentes declaracións de veciños que aseguran ter visto neses días a dous integrantes da partida.

> "(...) el declarante vio a dos individuos en el monte de Castelo de Miranda (...) El declarante le preguntó de donde eran, uno de Padrón y e otro de Cesures (...) uno alto de aspecto fino ojos vivos y el otro que le acompañaba bajo ancho de cuerpo, pelo castaño claro rizado (...)"[9].

[9] Declaración de José Suárez Otero.

> "(...) en su domicilio estuvieron dos individuos uno de ellos rubio de una estatura aproximada de unos seiscientos cincuenta de traje claro y corbata, le ha preguntado si eran de por aquí próximos, que eran de Padrón, que tomaron en su casa tres huevos cada uno, un trozo de pan y cuatro vasos de vino abonando de por todo ello cantidad de 8 pesetas, que no pudo apreciar si portaban o no armas, que una vez hicieron consumición se marcharon de camino al lugar da Silva (...)"[10].

A partir destes datos todo apunta a que se podería tratar de Manuel Agrasar Cajaraville e Ricardo Fernández Carlés. Porén, non é posible precisar o número exacto de persoas que formaban o agrupamento nin as súas identidades. Só unha declarante asegura ter visto "sete ou oito" individuos. Pola nosa banda, non podemos descartar que o grupo estivese composto unicamente polos mesmos integrantes que, catorce días máis tarde, aparecerían na aldea de Loureiro.

[10] Declaración de María Amor Ortigueira.

6

¡Pueblo Gallego! ¡Trabajadores!

Se aproxima el 1º de Mayo, día en que los trabajadores pasan revista a sus fuerzas de combate. Este año, el 1º de Mayo cobra especial significación para las masas laboriosas y para todos los amantes de la libertad, el progreso y la paz. Los millones de seres que en todo el universo desfilarán con sus banderas y pancartas, proclamarán la firme decisión de acabar con los restos del fascismo; defender la soberanía nacional e impedir que la camarilla imperialista desencadene una nueva guerra contra la Unión Soviética y las nuevas democracias. La clase obrera mundial, alineada en el Frente Anti-imperialista y Democrático, marcha y marchará al lado de la gran Patria del Socialismo victorioso, al lado de las democracias populares, al lado y en apoyo de los pueblos oprimidos y sojuzgados por el fascismo y el imperialismo.

La clase obrera de España, una vez más, tiene que celebrar el 1º de Mayo abofeteada por la dictadura franquista, con sus sindicatos en la clandestinidad, privada de todos los derechos y libertades. El régimen franco-falangista, servidor de los grandes capitalistas, actúa de perro de presa contra los trabajadores, a los que somete a la más inicua explotación, al terror y al hambre; arrebata a los campesinos el fruto de su trabajo, los ahoga de impuestos y contribuciones, les priva de abonos y semillas, hundiéndolos en la desesperación y la ruina; esclaviza a la juventud trabajadora y a las mujeres, a quienes considera como herramienta barata, como carne de explotación.

En esta España empobrecida y hambrienta, sólo medran la minoría parasitaria de grandes capitalistas y los nuevos ricos falangistas, cuyas fortunas son sangre, dolor y lágrimas de millones de seres.

Franco y sus pistoleros falangistas, a pesar de su indecente demagogia y su terror desenfrenado, no han podido debilitar la conciencia de clase de los trabajadores que como el ferrolano Segundo Vilabor escupía a los verdugos que le torturaban: "Una vida podéis quitarme pero no la dignidad." Dignidad y conciencia de clase es lo que han demostrado los trabajadores ferrolanos, madrileños y catalanes con sus huelgas. Dignidad y conciencia de su fuerza han demostrado los valerosos obreros vascos que declararon la huelga general el pasado 1º de Mayo. Esta es la respuesta de los trabajadores a la farsa de hitlerianos y "americanizados" verticales. Así contesten los proletarios españoles a la mendaz "Justicia social" de los Gironas y Cía.

¡Pueblo Gallego! Hagamos del 1º de Mayo una gran jornada de lucha y unidad, contra los asesinos, ladrones y vendepatrias falangistas; por la defensa de la soberanía nacional, por la democracia y por la República. Todos los republicanos y demócratas de cada pueblo, aldea y barrio agrupados en un Consejo de la Resistencia.

¡Trabajadores! A la lucha en este 1º de Mayo, bajo la bandera gloriosa de la Unión General de Trabajadores, reforzad y cread Comités de la U.G.T. en los lugares de trabajo, dirigidos por los obreros fieles a la causa de la República, por los que no han claudicado ni se han sometido al franquismo.

A los Comités provinciales, comarcales y locales de la U.G.T. corresponde la preparación de esta jornada, organizando luchas parciales, plantes, protestas, huelgas de brazos caídos, sabotajes y cuantos procedimientos de lucha aconseje la situación y condiciones de cada lugar. Y donde las condiciones lo permitan ¡A LA HUELGA GENERAL! Los Comités o grupos de la UGT no deben dejar a la espontaneidad la organización de esta jornada que debe ir precedida de una intensa agitación y propaganda. Hay que plantear directamente a los patronos y Empresas las reivindicaciones más sentidas: aumento de salario; la entrega de mayor racionamiento asequible al salario; la supresión de los descuentos; la abolición de la militarización de trabajadores; la expulsión de chivatos y divisionarios de las empresas. ¡Por el cese de las detenciones, torturas y asesinatos; por la libertad de los presos antifranquistas;

¡Labradores! a los atropellos y el latrocinio falangista ponen fin con lamentaciones. Estrechad vuestros lazos de hermandad con los obreros y guerrilleros. Creed en cada aldea y parroquia un Consejo Local de la Resistencia para cortar las garras a los ladrones de Abastos y de la Falange, para defender con las armas el

8

¡Proletarios de todos los países UNIOS!

Mundo Obrero

Editado por el Comité de Galicia del P. COMUNISTA de España.- 14 Abril 1948.

EN ESTE 14 DE ABRIL

Por un Consejo Nacional de la Resistencia

En el 14 de Abril de 1931, bajo el empuje de las masas populares, cayó la odiosa monarquía borbónica que cerraba el camino al progreso de España. La victoria republicana era el fruto de los ingentes sacrificios realizados por la clase obrera y las masas populares en el transcurso de medio siglo de cruento batallar. Si grandes sacrificios costó derrocar a la monarquía, muchos más, mucha sangre costó defenderla de sus enemigos seculares. Porque la aristocracia terrateniente, el caciquismo monterar, las altas jerarquías eclesiásticas que habían usufructuado el poder, no aceptaron de buen grado su derrota. Aprovechándose de una libertad que odiaban, y de las debilidades de la política republicana, se lanzaron a socavar los cimientos de la República. La "sanjurjada" del 10 de Agosto; el "bienio negro"; la sangrienta represión de Asturias, fueron la respuesta dada por la reacción a la excesiva benevolencia y tolerancia de aquellos gobiernos republicanos que al frenar el desarrollo de la revolución democrático-burguesa hasta el fin, dejaban intáctas las bases materiales en que se había asentado la Monarquía.

La criminal sublevación monárquico-fascista del 18 de Julio, evidenció el carácter retrógrado y anti-nacional del llamado "movimiento", pero al propio tiempo, sirvió para demostrar el profundo amor de los españoles por la República. La victoria temporal de Franco, lejos de amortiguar el sentimiento republicano del pueblo, lo hizo más profundo, más amplio. La política franquista de ruina, desastre, terror, latrocinio y venta nacional, ha empujado hacia el campo republicano a muchos españoles que, engañados por la falaz propaganda reaccionaria, habían prestado su apoyo a los traidores sublevados.

La victoria republicana del 14 de Abril, y la epopeya de nuestra guerra nacional liberadora, llevan el mismo sello: la unidad obrera, republicana y patriótica.

Los graves peligros que amenazan a España exigen firmeza y consecuencia a todos los españoles demócratas. Exige poner fin a la división en el campo republicano. Exige terminar con las tolerancias hacia los tránsfugas y traidores como Prieto y Trifón Gómez enemigos declarados de la República, servidores de los intereses de la reacción monárquica, lacayos vendidos al oro norteamericano.

El pueblo español, que ha demostrado

(sigue en la 2ª pág.)

Jerarquita Aprovechado

El Jefe del Frente de Juventudes de Pontevedra, Fernando Pereiro, es jerarca de porvenir en la cloaca falangista. Ha hecho creer a la Jefatura Nacional que la tribuna cubierta construída por el Club de Pontevedra, en Pasaron, había sido pagada por la Jefatura provincial. Naturalmente, Pereiro, se ha embolsado los miles de pesetas. Ahora anda corrido porque se ha descubierto el chanchullo. Nada le pasará, pues en Falange la consigna es ¡Por Franco y Falange, todo el mundo a robar!

Alcalde espabilado

El Alcalde de Lugo, ha montado, con sus sacacuartos un negocio fructífero. Se enteran "quien tiene cerdos y día de matanza, y el que no ha pagado las 20 pesetas de derechos se queda sin el animal, que después es vendido de straperlo por el monterilla lucense.

Folla 6 da causa 239/1948: exemplar do xornal *El Pueblo Gallego*, que, segundo Francisco Chico López, lle fora entregado polos guerrilleiros. Folla 8 causa 239/1948: exemplar do *Mundo Obrero* que estiveran repartindo a agrupación pola aldea.

4.1.1. O 19 de maio de 1948: a resistencia en Loureiro (Luou-Teo)

O 19 de maio de 1948 constitúe, cando menos, a data que nos permite comprender o contexto e os espazos de violencia que deron lugar ás catro vítimas da fosa común de Luou. Para isto, partimos da consulta da Causa 262/1948 (AIMNOR), instruída contra Benigno Andrade e José Ramuiñán, únicos superviventes naquela altura daqueles feitos.

A análise dos relatos e da información que nela figura serviranos para ir comprendendo un escenario que, a pesar de presentarse como verdadeiro e obxectivo, dificilmente o é. Por iso, ao longo do texto contrastaremos os datos recollidos no sumario con diversas fontes, incluíndo tamén a memoria oral.

O sumario foi dirixido polo capitán de Artillería Celestino Valcuende Fernández, co apoio do comandante de Infantería Juan Martínez Haro, actuando como secretario o sarxento de Artillería Emilio Mariño Lago.

Segundo consta na causa, o capitán da Garda Civil da 8ª Compañía da 140ª Comandancia, Nemesio Portal Aparicio, ordenou unha batida polos montes situados entre Santiago, Padrón e Pontevea, intensificando así a persecución tras os feitos recollidos na Causa 239/1948. No marco desta operación, o 19 de maio arredor das 16:30 horas, o cabo primeiro de Ordes, Antonio Peña Díaz[11], realizou un rexistro na casa de Carmen Mosquera Parajó[12], coñecida pola veciñanza como "a de Vilas", na aldea de Loureiro. No documento *oficial* afírmase que:

> "(...) este no dió resultado alguno; pero al efectuarlo en un alpendre sito en la parte posterior de la casa inmediata a la misma, fueron recibidos por una descarga de disparos de pistola ametralladora."

[11] Prestaba servizo no posto de Ordes e era natural de Viveiro, Lugo.
[12] Durante as nosas visitas de campo á aldea de Loureiro, a veciñanza indicounos que na coñecida "casa dos de Vilas" residían Carmen Mosquera Parajó e Josefina Vilas Mosquera. Ambas figuran como declarantes na causa, na que se recolle que non foron procesadas nin penadas. Porén, segundo lembra a memoria local, víronse obrigadas a abandonar a vivenda e trasladarse a outra, xa que eran constantemente increpadas pola Garda Civil.

O alpendre e a casa de Vilas. Fotografía extraída de *El Correo Gallego*, 11/05/2007

O número de efectivos da Garda Civil implicados non queda claro, xa que a causa presenta unha retórica enrevesada construída a partir das declaracións dos propios gardas. Non se precisa cantos axentes foron desprazados desde cada cabeceira por orde do capitán Aparicio, aínda que se recolle que Antonio Peña Díaz practicou o rexistro acompañado por Gardón Castro, "previamente rodeada [a casa] con la fuerza que disponía". Tras rexistrar a vivenda, ambos se dirixiron ao alpendre, onde se atopaba o grupo *guerrilleiro*, e alí comezou o

enfrontamento armado. Como consecuencia do tiroteo morreu o garda civil de segunda Manuel Gardón Castro, da 140ª Comandancia.

Tamén participou o cabo primeiro Antonio Calvo Pérez[13], do posto de Ordes, cun "grupo de fuerza". Posteriormente sumáronse dous destacamentos máis: un baixo o mando de Antonio Otero Louro[14] e outro do cabo primeiro Manuel Sánchez Maceiras[15], aparentemente ambos procedentes da cabeceira de Santiago. Segundo a súa propia declaración, foi o sarxento Otero Louro quen asumiu o mando unha hora e media despois da chegada dos primeiros gardas, afirmando que:

> "Intimidados repetidas veces los bandoleros que habían hecho fuerte en un alpendre para que se rindieran, y no consiguiéndolo, dispuse prender fuego al mismo."

As contradicións entre as declaracións (en relación ao número de efectivos, a cronoloxía e a cadea de mando), xunto coa ambigüidade na redacción do sumario, dilúen a magnitude real de gardas despregados. O que si resulta evidente é que se construíu un relato que buscaba presentar os feitos como un enfrontamento inevitable, ocultando a desproporción da operación.

A incerteza tamén afecta ao relato das mortes. Antonio Peña Díaz declarou que unha vez prendido lume ao alpendre:

> "los bandoleros que se habían refugiado tuvieron que hacer una salida desesperada protegidos por el fuego de sus armas y logrando separarse unos quinientos metros de dicho lugar donde fueron muertos por la fuerza que allí se encontraba dos de ellos y otros dos lograron sus propósitos a pesar de la persecución que les hizo durante toda la noche de darse a la fuga ignorando su paradero."

[13] Prestaba servizo no posto de Ordes. Natural de Fuente de Canto, Badajoz.
[14] Comandante da Garda Civil da praza de Santiago de Compostela. Natural de Muros, A Coruña.
[15] Natural de Oza dos Ríos, A Coruña.

Con todo, aquí só se menciona a morte de dous e a fuxida doutros dous, sen explicar que ocorreu cos dous restantes. Pola súa parte, Nemesio Portal Aparicio dá por mortos os catro e menciona a fuxida de dous máis, mais sen achegar ningún detalle.

Pola contra, as dilixencias de levantamento de cadáveres, o xuíz de instrución do partido xudicial de Padrón[16] acompañado do secretario e do médico forense, describe minuciosamente a situación dos corpos:

> "(...) En el lugar de Loureiro de esta parroquia, se halla un hombre tumbado en el suelo en posición de cubito supino, con la cabeza en dirección sureste; presenta varias heridas de arma de fuego en la cara y cuello, éste muy destrozado en su parte izquierda, en brazo derecho tendido formando cruz con el cuerpo, el izquierdo descansando sobre en mismo. Viste camiseta de punto blanca interior y exteriormente una camisa percal con listas blancas y rojas, chaleco e punto color marrón, pantalón y americana de corte color gris oscuro con listas blancas, zapatos de becerro sin teñir con piso de suela, calcetines de algodón color marrón.
>
> A unos cuatro metros del anterior se encuentra otro hombre tendido en el suelo en posición cubito supino, cabeza en dirección Noroeste, el brazo derecho tendido formando cruz con el cuerpo y el izquierdo tendido a orilla del cuerpo; presenta herida en el ojo izquierdo, vaciado éste y con orificio de salida por la cabeza; otra herida en el cuerpo, próxima a la garganta encima del esternón, viste camiseta de punto blanco y exteriormente una pescadora color gris muy claro, chaqueta de corte color oscuro con listas blancas, pantalón breeches de pana negra y descalzo.
>
> En el monte denominado "Fornelos", de esta misma parroquia, se encuentra otro hombre en posición de cubito prono, cabeza en dirección norte, se le apreciaron varias heridas de arma de fuego en distintas partes del cuerpo y la cabeza orificio y salida, viste chaqueta de corte clara y pantalón breeches de pana color castaño claro. Arrimado a éste, también tendido en posición de cubito lateral izquierdo y brazos doblados. Se le aprecian varias heridas producidas por arma de fuego en paletilla izquierda y cráneo con orificio de salida, y viste pantalón y

[16] Ata o ano 1951 o Concello de Teo pertence ao partido xudicial de Teo, a partires desa data intégrase no de Santiago.

> americana de corte color azul marino, camisa blanca con listes de color, calvo en la parte alta de la cabeza (...) que son cadáveres y que su muerte data de unas horas"

Segundo o documento, as vítimas eran, por orde, Ricardo Fernández Carlés, Florentino Palacios Menéndez, Manuel Agrasar Cajaraville e Vicente López Novo.

As dilixencias *de inspección ocular* engaden máis detalles, dos que resaltamos que no caso dos lugares no que atoparon a Manuel e Vicente non se aprecian sinais de combate:

> "(...) Aparece en dirección norte, el Florentino. Tras de el hay una paredilla de piedras sin argamasa. Mas en dirección Este, el cadáver de Carlés. En el lugar donde se encuentran hay grandes manchas de sangre. Frente a la llamada casa de Vilas, hay cobertizo, hoy totalmente quemado. Conserva las paredes Sur y Oeste, y una columna al Este. Sobre las cercanías aparecen restos de un tejado de uralita y un becerro, de regular tamaño, totalmente calcinado. Los otros cadáveres, han aparecido a una distancia como medio quilómetro. No hay huellas de combate y únicamente grandes manchas de sangre en el suelo, donde los cadáveres se encuentran (...)"

Para continuar coa análise dos distintos relatos, consultamos as partidas de defunción das catro vítimas. O párroco de entón, Manuel Somoza Barros, deixou constancia de que na tarde do 20 de maio de 1948 se lles dera sepultura eclesiástica as catro vítimas. No caso de Florentino Palacios Menéndez, anotou que "había muerto el día anterior en la aldea de Loureiro". O mesmo para Ricardo Fernández Carlés, e engade que foi identificado posteriormente pola súa irmá e que era fillo de José e Josefa, de 35 anos de idade.

Pola contra, nas inscricións de Vicente López Novo e Manuel Agrasar Cajaraville especifícase que ambos "habían sido hallados muertos en la mañana del mismo día [refírese ao mesmo día do enterramento] en las proximidades del lugar de Loureiro"; é dicir, na mañá do día 20 de maio. No caso de Manuel Agrasar, o párroco engade que tras o enterramento se presentaron dous irmáns, achegando os datos persoais que permitiron completar a partida de defunción.

Fotografía de do párroco Manuel Somoza[17]. Fonte: Arquivo Municipal de Teo.

Se temos en conta as contradicións entre as declaracións, as dilixencias de levantamento de cadáveres e as inscricións no libro de defuncións, preséntase un escenario que nos abre a porta á hipótese de que Manuel Agrasar Cajaraville e Vicente López Novo puideron ser capturados con vida, torturados e interrogados, para seren executados posteriormente.

Por outra banda, nas *Actas do II Seminario sobre a Memoria "A guerrilla e os campos de Concentración"*, celebrado os días 1, 2 e 3 de xuño de 2012, recóllese tamén o sucedido en Loureiro, aínda que con certas discrepancias xa que se indican que os fusilados foron Vicente López Novo e Florentino Palacios.

No plano da memoria oral resulta especialmente reveladora a entrevista realizada a A. L.[18], antigo mestre no IES de Cacheiras. El lembra como hai aproximadamente vinte e cinco anos encargou ao seu alumnado de lingua castelá unha redacción sobre algunha lenda ou historia

[17] Segundo nos contou a veciñanza grazas á intervención do párroco e de dous veciños da parroquia, a familia de Vilas puido escapar a acusacións formais, pero non aos abusos da Garda Civil. De feito, tiveron que mudarse a outra casa da mesma aldea, lugar de *visitas* constantes dos gardas e de toques de queda.
[18] Entrevista a A.L., realizada o 23 de xullo de 2025.

do lugar. Entre os traballos entregados chamou a súa atención o dun rapaz da aldea de Loureiro, que recolleu por escrito o relato transmitido pola súa avoa:

> "El 19 de mayo de 1948, la aldea de Luou, concello de Teo se estremecía a causa de un 'grupo bandolero' llamado los 'Foucellas'. La gente sabía que la Guardia Civil lo estaba buscando, pero no sabía que estaba en su aldea. A las tres de la tarde cuando la gente estaba durmiendo una siesta se escuchó un tiroteo. Los 'Foucellas' estaban en una casa cercana escondidos en la barra de paja. La Guardia Civil al mando del General Franco le disparaban, pero no les daban a los bandidos. Un guardia se subió a la ventana de una casa y le arrojó a la paja una botella con petróleo envolvida en un trapo y con fuego. Los 'Foucellas' empezaron a salir y la guardia disparaba. En ese momento murieron dos, el Carlés de Pontecesures y Barbarroja de Iria Flavia. El más joven de 19 años de Santa Eugenia de Ribeira consiguió escapar a base de bombas. Los otros dos los detuvieron, pero dispararon a un policía que luego murió. Los encontraron allí la **guardia de Lestedo** que fue alertada por el alcalde Don Gabriel Varela y a él le avisara un hombre de la aldea cuando los 'Foucellas' le saltaron a la carretera delante de la casa y le dijeran que comprara **tabaco[19].** Los dos que detuvieron los ataron a un árbol, les hicieron declarar y luego los fusilaron. La Guardia siguieron unos días en la aldea por si había problemas y después se fueron y todo esto en la aldea de Loureiro. Ahora están enterrados en el cementerio de Luou."

Este testemuño, malia conter evidentes imprecisións, reforza unha interpretación xa suxerida: a posibilidade de que, polo menos, dúas das vítimas fosen executadas. A discrepancia resulta aínda máis significativa se temos en conta que todas as dilixencias xudiciais e testemuñais da causa aparecen datadas o propio día 19 e non se fai referencia algunha a que dúas das persoas foran atopadas ao día seguinte, o que podería indicar unha construción deliberada dun relato oficial por parte do réxime.

Por último, na reportaxe publicada o 11 de maio de 2007 en *El Correo Gallego* (ver Anexo II) faise tamén referencia á presenza de gardas de Lestedo e á execución de dous combatentes,

[19] Na Causa do 5 de maio, José Suárez, veciño do lugar da Silva e presentado como testemuña, declarou que se lles achegaran dous individuos (un de Padrón e outro de Cesures) para encargarlles que lles mercase tabaco.

Vicente López Novo e Florentino Palacios Menéndez, coincidindo co relato transmitido por un alumno de A. L. Na citada reportaxe participaron José Mosquera (1917), que foi o encargado de trasladar no seu carro os corpos ata Luou, así como Delia Iglesias (1921) e Divina (1933).

Á vista da pegada da memoria e dos documentos analizados, recollemos a continuación todas as hipóteses formuladas. En primeiro lugar, a magnitude real do operativo da Garda Civil puido ser moito maior da que aparece reflectida na causa, o que suxire que puido tratarse dunha operación planificada con antelación e non dun enfrontamento fortuíto. Para contrastar esta posibilidade solicitamos información ao Arquivo da Garda Civil e ao Arquivo General de Guadalajara sobre os gardas mencionados na causa, mais ao parecer non se localizaron datos relativos á operación. En segundo lugar, o feito de que dous dos corpos aparecesen afastados do lugar do suposto *combate* abre a posibilidade de que fosen capturados con vida, sometidos a interrogatorio e posteriormente executados.

En conclusión, o discurso oficial sustentado na *Ley de Bandidaje y Terrorismo* de 1947, construíu unha narrativa que presentaba os feitos como un simple enfrontamento armado contra *bandoleiros*. Porén, este tipo de actuacións encaixa nunha estratexia máis ampla de terror institucionalizado, destinada a quebrar calquera forma de disidencia e a reducir a resistencia antifranquista á condición de delincuencia.

5. Indagación preliminar sobre as vítimas para a súa identificación e localización

Como fomos expoñendo, as vítimas da fosa do adro da igrexa de Luou son Vicente López Novo, Ricardo Fernández Carlés, Manuel Agrasar Cajaraville e Florentino Palacios Menéndez. Os cadáveres foron trasladados desde a aldea de Loureiro a Luou, situada a uns 2,6 km seguindo o Camiño Vello[20] que comunicaba dita aldea con Trasellas e a Igrexa.

Segundo a reportaxe citada anteriormente e a memoria oral recollida nas entrevistas realizadas a A. S. de 91 anos, e ML. S. de 87[21], a tarefa do traslado foi encomendada ao veciño coñecido como "O Mosquera", quen tería levado os corpos no seu carro, tal e como vimos no apartado anterior coa reportaxe de *El Correo Gallego* (2007).

A nosa interpretación é que este traslado tivo lugar o día 20 pola mañá, coincidindo coa data sinatura da dilixencia da autopsia[22], que sería practicada na Casa de Fábrica ás 16 horas. Ese mesmo día, 20 de maio, unha vez inhumados os corpos, foron inscritas as defuncións tanto no libro parroquial como no Rexistro Civil[23] do Concello de Teo. Non se coñece a hora exacta da inhumación, xa que o párroco só indica que tivo lugar pola tarde, aínda que no Rexistro Civil as inscricións aparecen rexistradas entre as 18:00 e as 18:30 horas.

Se sostemos a hipótese de que dous dos membros da resistencia armada antifranquista foron executados nas inmediacións da aldea, é posible que isto acontecese no monte que separa Loureiro de Fornelos. Iso explicaría as referencias documentais e orais tanto á "Cruz de Loureiro" como a "Fornelos". De ser así, os corpos quedarían próximos ao camiño que comunicaba ambas aldeas, o único existente naquela altura.

[20] Hoxe este treito é parte da ruta de longo percorrido "GR-94 Andaina Rural de Galicia", que une Compostela con Vigo.
[21] Entrevista grupal a A.S. e a ML.S., realizada o 20 de xuño de 2025.
[22] Páxina 14 da Causa 262/ 1948, Caixa 58.
[23] Se ben no libro parroquial non se fai alusión algunha á causa da morte, no rexistro civil indícase a *clásica* "muerte por hemorragia interna".



Mapa: Camiño de Loureiro a Luou, Voo Americano Serie B (1956- 57). Cedido polo Arquivo Municipal de Teo e modificado por Lucía Santiago Sanmiguel.



Mapa: Camiño de Loureiro a Luou, PNOA Máxima actualidade. Cedido polo Arquivo Municipal de Teo e modificado por Lucía Santiago Sanmiguel.



Minuta ING (1940). Fonte: Arquivo Municipal de Teo.



Plano de Luou no que se pode ver por onde entra o camiño de Loureiro en Luou. Fonte: Traballos fotográficos do IGN 1940, facilitado polo Arquivo Municipal de Teo.

Imaxe para exemplificar a distancia mencionada nas dilixencias do xuíz e do médico forense, que situaban os corpos de Manuel Agrasar Cajaraville e Vicente López Novo afastados sobre 500 metros do lugar do pendello, no monte Fornelos. Fonte: Visor IGN, PNOA Máxima Actualidade.





[1] Camiño Loureiro a Luou: zona da Cruz de Loureiro, mestura de eucaliptos con carballos.

[2] Camiño Loureiro a Luou: zona do Pau de Lobo.

[3] Camiño Loureiro a Luou: parte do muro antigo que aínda se conserva.

[4] Camiño Loureiro a Luou: vista do Pico Sacro.

[5] Camiño Loureiro a Luou: GR-94 Andaina Rural de Galicia.

Fotografías de Lucía Santiago Sanmiguel elaboradas durante a visita de campo ao longo do camiño vello que une Loureiro coa igrexa parroquial, acompañada polos informantes Álvaro Parajó e Pablo Sanmartín.

Unha vez trasladados, os corpos foron depositados no depósito parroquial, situado na Casa de Fábrica, hoxe coñecida como a Casa do Belén. Alí practicáronlles a autopsia os médicos José Raviña Valdés e Francisco Mateo Martín, antes de seren inhumados nas inmediacións da mesma edificación. En relación co lugar de enterramento das catro vítimas, todas as fontes apuntan á mesma área de sepultura. A fosa común na que repousan semella localizarse xunto á parede sur da Casa do Belén, no cuadrante delimitado entre o patín da edificación e o osario. Así o recolle a causa: "(...) fueron inhumados en una fosa situada a unos cincuenta cm de la pared sur de la casa de Fábrica, distante a unos siete metros de la pared sur del cementerio"[24].

Estas distancias coinciden coas referencias achegadas pola veciñanza e coa memoria transmitida a través da historia oral. Na nosa visita de campo tamén puidemos comprobar que as distancias indicadas no sumario poden corresponder co espazo.

En referencia á fosa a veciña A. S.[25] tamén sinalou durante unha das visitas de campo que:

> "Os familiares de dous ou de tres dos que enterraron aí... viñeron moitísimos anos polo día de defuntos a poñer flores e todo iso, enriba de onde estaban, que estaban todos xuntos nunha fosa grande alí. Está ao lado do osario. Tiñan unha cruz de madeira que lles puxeran os familiares... Agora hai moitos anos que non veñen, deberon morrer os pais deles e acabou. A cruz podrecería e sacaríana".

En consecuencia, a nosa conclusión preliminar, previa á análise no punto 7 sobre o espazo a intervir arqueoloxicamente, é que os restos das catro vítimas están nesta localización.

[24] Causa 239/1948, AIMNOR
[25] Entrevista grupal a A.S. e a ML.S., realizada o 20 de xuño de 2025.



Fotografías da Casa de Fábrica (hoxe coñecida como Casa do Belén). A frecha sinala o lugar no que, segundo as dilixencias e a memoria oral, se situaría a fosa común: o espazo comprendido entre o patín da edificación e o osario, xunto á parede sur da casa. Fotografías de Mario César Vila, Tempos Arqueólogos.

A continuación, ofrecemos máis información sobre cada unha das vítimas, incluíndo os datos do informe facultativo da autopsia[26], cuxo contido incorpora descricións de especial dureza.

5.1. Manuel Agrasar Cajaraville, "Barbarroxa"



Imaxe de Manuel Agrasar Cajaraville. Fonte: *Nomes e Voces.*

Manuel naceu na Matanza, parroquia de Iria Flavia (Padrón) no ano 1911. Fillo de María e Ramón, estaba casado con María Cortiñas Bóveda, coa que tería tres fillos. Segundo a base de datos *Nomes e Voces*, Manuel era de profesión carpinteiro[27] e con 23 anos alistouse voluntariamente na Armada.

Con estes datos de partida, as nosas primeiras pesquisas estiveron encamiñadas a atopar máis información no Arquivo Naval de Ferrol, onde, ademais de diversas causas que a continuación mencionaremos, estivemos na procura da súa cartilla da *Marinería de la Armada*. Porén, non

[26] Páxina 15 da Causa 262/1948, AIMNOR
[27] Referencia que aparece nas Fichas da Prisión Central de Santa Isabel, Santiago de Compostela.

fomos quen de localizala, aínda que cremos que se conserva a que podería corresponder a un irmán seu, José:

— 3 —

FILIACION de José Agrasar Cajaraville hijo de José y de María natural de Vila. (Pontevedra) provincia de Coruña

(1)

Se inscribió en de de 19 y ocupa el folio

del distrito de Cabestal de esta provincia.

Nació el día 3 de Octubre de 1912. Estado soltero.

sabe leer sabe escribir.

Tiempo que ha servido anteriormente años meses días.

Con arreglo a lo decretado por el Excmo. Sr. Jefe de la Base Naval Marítima ~~Capitán general del departamento~~ en 31 de Diciembre último sale para la capital del mismo en el día de la fecha

VILLAGARCIA 2 de Marzo de 19 32

V.º B.º
EL COMANDANTE DE MARINA

EL JEFE DEL DETALL.

Va socorrido con pesetas por paga, y seis pesetas por dos días de dieta.

~~EL COMISARIO DE LA PROVINCIA,~~
El cajero Contador

(1) Esta página y la siguiente se llenarán y autorizarán por el Comandante de Marina de su inscripción, el individuo ingresa por su tur, en los demás casos, por el Jefe de E. M. del departamento, el que firmará certificará su exactitud expresando la fuente de donde toma los datos, al final de la 5.ª página.

Folla 3 da libreta de afiliación á Armada de José Agrasar Cajaraville. Fonte: Arquivo Naval de Ferrol.

A través dos sumarios consultados e da documentación de diferentes arquivos, fomos quen de realizar un pequeno percorrido pola biografía de Manuel. O 12 de xullo de 1937 abríuselle a primeira causa[28] por non se presentar ás filas do exército franquista no distrito de Cangas. Sabemos que Manuel foi sarxento e que estaba nas filas republicanas en Euskadi. Segundo a causa 1094/1937[29], Manuel xunto con outros tripulantes do destrutor "José Luís Díez" foron xulgados por rebelión e condenados a cadea perpetua, xa que segundo dito sumario "prenderan aos oficiais e puxeron o buque ao servizo da República", pero non foron capturados. Logo, o 31 de maio de 1937 a Mariña Auxiliar de Euskadi fíxose cargo do barco e renovou parte da súa dotación por sospeitas de traizón, mais Manuel permaneceu na tripulación degradado de sarxento a cabo e participou en operacións como a "Operación Péndulo" en agosto.


AGRASAR
Manuel
CAJARAVILLE

Figura como Cabo del Cuerpo de Ejercito de Euzkadi, Bon. de Infaneria nº 1, ascendido a Sargento. Aguera, 4-8-37. (Santander. Carpeta. 7. Serie. "D". Fol. 8.)

Ficha de Manuel Agrasar Cajaraville. Fonte: Centro de Documental da Memoria Histórica. Ref. Ficheiro ES.37274.CDMH/4//DNSD-SECRETARÍA,FICHERO,1,A0012543.

En setembro de 1939 foi capturado polas forzas falanxistas e condenado a 20 anos de prisión polo Tribunal Militar de Ferrol, pena que lle foi conmutada. Rexistros da Prisión Central de Santa Isabel (Santiago) confirman o seu ingreso o 10 de abril de 1939 e a súa saída o 10 de maio de 1941.

[28] Causa 425/1937 do Arquivo Naval de Ferrol.
[29] Causa 1094/1937 do Arquivo Naval de Ferrol.

Non se conservan datos precisos sobre a vida de Manuel nos sete anos seguintes á súa saída da prisión, mais resulta probable que sufrise a persecución e o control do réxime, dado que Padrón, como outros moitos lugares de Galicia, foi escenario dunha intensa violencia represiva. No III Seminario sobre a Memoria[30], celebrado os días 1, 2 e 3 de xuño de 2012 nun itinerario entre Melide e Rianxo, lembrábase que ao menos dez persoas de Padrón foran fusiladas en Santiago de Compostela. A isto engádense espazos de violencia na propia parroquia de Agrasar, como a antiga Azucreira reconvertida en Campo de Concentración, a Casa dos Cóengos utilizada como cuartel e residencia da Garda Civil, ou o cemiterio de Adina, onde segundo a memoria da veciñanza repousan presos do campo.

Durante as intervencións arqueolóxicas na fosa, familiares de Manuel participaron activamente na procura de máis información que puidese cubrir o baleiro documental existente sobre estes anos da súa vida. No marco deste proceso localizaron varias fotografías, sobre as que expresamente **ceden o seu uso para a inclusión neste informe, mais non autorizan a súa reprodución ou difusión por outras canles alleas ao mesmo.**

Nunha das fotografías aparece o propio Manuel, con sinatura e data do 29 de novembro de 1941, apenas seis meses despois da súa saída do cárcere de Santa Isabel. As seguintes están datadas o 20 de setembro de 1942 e, para a nosa sorpresa, nunha delas figura a referencia a Sama de Langreo. Noutra das imaxes, tamén tomada en Sama de Langreo, pode apreciarse unha explotación mineira e a Manuel vestido con roupa propia do traballo nas minas.

[30] Actas do III Seminario sobre a memoria: ”A guerrilla e os campos de concentración”. 1, 2 e 3 de xuño de 2012.



[1] Manuel, datada o 28/11/1941.

[2] Manuel e a súa esposa María, datada o 20/05/1942. Semellan atoparse nunha explotación mineira, e Manuel aparece vestido con roupa de traballo.

[3] Manuel, María e outras persoas sen identificar, fotografía datada o 20/05/1942 en Sama de Langreo. Pola vestimenta, parece tratarse dun día de festividade.

Estas fotografías resultan especialmente significativas se se ten en conta que Florentino era natural dunha das parroquias de Langreo, unha das zonas mineiras de Asturias. As concas mineiras asturianas constituíron durante os anos corenta un espazo social e laboral moi dinámico, caracterizado polo continuo movemento de traballadores entre aldeas e explotacións mineiras. Neste contexto, non resulta estraño atopar persoas procedentes doutros territorios empregadas nas minas, tal e como suxire a vestimenta de Manuel nunha das imaxes.

Ao mesmo tempo, diversos estudos sinalan que estas zonas foron tamén espazos nos que se desenvolveron redes de sociabilidade e apoio vinculadas ao movemento obreiro e, posteriormente, á resistencia antifranquista. A forte implantación das organizacións obreiras e dunha cultura política de esquerdas favorecía, ademais, a existencia de canles de comunicación entre distintos grupos guerrilleiros de Galicia, León e Asturias, facilitando o intercambio de información, refuxio ou abastecemento entre territorios próximos.

Nas concas mineiras de Langreo existiron distintos destacamentos penais vinculados á explotación mineira, como os establecidos en pozos como Fondón, María Luisa ou Candín, nos que presos políticos foron empregados en réxime de redención de penas polo traballo. Neste sentido, tampouco pode descartarse a hipótese de que a presenza de Manuel nesta zona estivese relacionada con este tipo de dispositivos penitenciarios, podendo incluso explicar o desprazamento da súa muller para reunirse con el. Con todo, para poder esclarecer as hipóteses formuladas, é preciso realizar un estudo máis detallado.

Por último, segundo recolle Lupe Martínez (2023: 85), Agrasar actuou como enlace, avisando ao barbeiro Enrique Rodríguez Fernández para que acudise á súa casa a atender a Ricardo Fernández Carlés (que aínda non se incorporara á agrupación guerrilleira) e tamén a José Ramuiñán Barreiro e Benigno Andrade García. Segundo a mesma autora, foi ao redor destas datas cando, tras a morte en abril de 1948 de Miguel Nicolás Esperante “O Corcheiro” e a reorganización da V Agrupación do Exército Guerrilleiro, tanto Manuel como Ricardo, veciño de Pontecesures, se integraron nela.

Seguindo a cronoloxía, non sabemos con certeza se o 30 de abril de 1948 Manuel Agrasar, xunto con Ricardo Fernández Carlés, participou con Foucellas na actuación de Carracedo[31]. Nesa ocasión, os *guerrilleiros* presentáronse na casa de Dolores de la Torre Iglesias preguntando polo seu marido, coñecido falanxista, que non se encontraba no domicilio. O que si parece seguro é a súa presenza en Lampai o 5 de maio, tal e como se recolle no apartado 4.1 sobre a V Agrupación do Exército Guerrilleiro en Teo. Poucos días despois, Manuel sería vítima da emboscada da Garda Civil na aldea de Loureiro.

5.1.1. Información adicional para a identificación de Manuel Agrasar Cajaraville

Segundo as dilixencias de inspección ocular, o seu cadáver foi localizado a medio quilómetro do pendello da casa dos Vilas, e as de levantamento de cadáveres sitúano no denominado monte de Fornelos. O corpo aparecía en posición de cúbito prono, coa cabeza orientada cara ao norte, presentando múltiples feridas de arma de fogo en diferentes partes, incluída a cabeza, con orificio de saída. Vestía unha chaqueta clara e pantalóns *breeches* de pana castaño claro.

O informe facultativo da autopsia:

- Hábito exterior: tres orificios de ferida de arma de fogo, dous localizados na fronte e un na rexión parietal dereita. Todos eles presentaban orificios de saída na zona oposta, provocando unha importante desfeita e perda de substancia ósea, así como rachaduras coincidentes no coiro cabeludo.
- Cavidade cranial: non se puido abrir pola desfeita que produciron as feridas de bala. Observouse unha profunda atrición dos tecidos da substancia nerviosa, aparecendo a caviade practicamente baleirada.
- Nin na cavidade torácica nin na abdominal “se pudo recoger dato alguno digno de mención”.

[31] Causa 225/1948, AIMNOR.

Non se conservan referencias sobre as pertenzas que puidese portar no momento da súa morte. Na actualidade, as súas netas e unha bisneta manifestan a vontade de recuperar os restos do seu avó para trasladalos xunto á súa avoa, María Cortiñas Bóveda. Esta petición inscríbese no dereito das familias a coñecer o destino das vítimas do franquismo e a recuperar os seus restos, no marco das actuacións de busca, localización, identificación e entrega ás familias recollidas na Lei 20/2022, de Memoria Democrática, contribuíndo así aos procesos de verdade, xustiza e reparación.

5.2. Ricardo Fernández Carlés

Ricardo Fernández Carlés naceu o 2 de maio de 1912[32] en Requeixo, Pontecesures, que naquela época pertencía ao concello de Valga[33]. Solteiro e de profesión labrego, era fillo de José e Josefa e irmán de Francisco e Carmen. Foi precisamente esta última quen lle comunicou ao párroco de Teo o 20 de maio de 1948 que Ricardo tiña 35 anos no momento do seu asasinato.

Segundo o sobriño de Ricardo, esta sería a casa familiar na que naceu. Está situada na Rúa Redondo 36, Pontecesures. Fonte: Google Maps.

[32] Data de nacemento que figura na súa cartilla de filiación á Armada, consultada no Arquivo Naval de Ferrol.
[33] En 1925 Pontecesures segregaríase de Valga e acadaría a entidade de Concello.

De acordo coa información recollida, Ricardo non tivo descendencia. O seu irmán semella que tampouco a tivo, mentres que pola liña da súa irmá Carmen si existe continuidade familiar. Un dos seus sobriños, fillo de Carmen, solicitou a localización, exhumación e identificación dos restos de Ricardo, petición que tamén foi expresada por un sobriño-neto.

De acordo coa base de datos *Nomes e Voces*, co golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 Ricardo xunto con outros veciños saíu á rúa para tentar facer fronte aos sublevados. Foi xulgado en Pontevedra, xunto cos 19 veciños, por "auxilio á rebelión militar" (Causa 302/1937, AIMNOR). Inicialmente foi condenado a 15 anos de cárcere, mais a pena foi reducida a dous e sairía da cadea en novembro de 1938.

A seguinte pegada documental remítenos a 1945, cando residía en Bretoña (A Pastoriza, Lugo), onde traballaba como xornaleiro. Nese ano foi procesado na Causa 238/1945 polo Xulgado Militar Eventual nº 4 de Lugo, acusado de "atraco a mano armada y relación con huídos". Ingresou en prisión en xullo e foi posto en liberdade o 22 de outubro.

Na súa declaración[34] Ricardo proclamou a súa inocencia e presentou a súa coartada. Ademais de que foi sometido a diversas roldas de recoñecemento polas presuntas vítimas as cales non o identificaron como un dos seis autores, no día dos feitos atopábase na casa dun veciño realizando a sega e acompañado doutras persoas.

Nesta mesma dilixencia na que presentou declaración, Ricardo detallou a súa vida laboral desde que saíu de Pontecesures en novembro de 1942: primeiro foi para en Valencia, onde estivo traballando sete meses cun contratista de obras chamado José Tormes; logo en Barcelona (xuño de 1943) con outro contratista; en agosto en Balaguer (Lleida), como obreiro durante dous meses; en outubro en Zaragoza, onde participou na vendima, e posteriormente en Longares, traballando na guarnecería. Máis tarde trasladouse a Burbáguena (Teruel), para traballar tamén na vendima, e en decembro de 1943 regresou a Valencia para traballar na "Compañía de Obras y Hormigones". En maio de 1944 desprazouse a Bilbao, mais ao non

[34] páxina 11 da Causa 238/1945

atopar traballo continuou cara Asturias e, tras non conseguir emprego, regresou a Galicia para instalarse en Bretoña, onde o conseguiu como xornaleiro na casa na que estaba cando foi detido.

Tras esta causa hai un baleiro biográfico ata 1948, cando aparece xa vinculado á V Agrupación do Exército Guerrilleiro de Galicia. Só sabemos que, apenas un mes despois da súa incorporación sería asasinado (Martínez, L. 2023: 220).

Segundo consta na páxina 3 da Causa 262/1948, no momento da súa morte levaba consigo unha libreta de inscrición marítima, unha carteira con cen pesetas en billetes, unha cartilla militar da Mariña de Guerra co certificado de liberdade e tres fotografías: unha dunha muller, outra súa e dúas conxuntas ao parecer tamén del. Ningún destes obxectos se conserva na causa, por orde de Nemesio Portal Aparicio o diñeiro foi ingresado nas *Arcas del Tesoro*, a libreta e a cartilla remitidas á Comandancia da Mariña, a carteira inutilizada e as fotos sen máis referencia.

A partir destas pegadas realizamos as consultas pertinentes no Arquivo Naval de Ferrol, onde puidemos consultar a cartilla de filiación á "Marinería de la Armada". Nela comprobamos que Ricardo se inscribiu o 31 de xaneiro de 1928 no distrito de Vilagarcía e que saíu posteriormente como voluntario desde Vigo o 4 de agosto de 1932. Na folla sanitaria do mesmo documento figuran tamén as súas medidas antropométricas: "reconocido a su ingreso en el servicio, se le observó peso 66, talla 1,68 y perímetro torácico 90, siendo declarado útil", datada en 1933. Nesta mesma cartilla consta que estivo destinado no cruceiro "Almirante Cervera" desde o 30 de agosto de 1933 ata o 1 de xullo de 1935.

Non foi posible localizar máis información ou fotografías de Ricardo debido ás limitacións temporais do estudo. O último documento localizado nas nosas consultas arquivísticas remítenos a 1960[35], cando se lle notificou ao seu irmán Francisco o indulto correspondente á

[35] Tribunal Nacional de Responsabilidades Políticas. 75/00027, Pontevedra. Indulto de 1960. Notas: Audiencia provincial da Coruña. Fonte: Centro Documental de la Memoria Histórica.

causa de 1937. Este proceso de depuración de penas iniciárase xa na década de 1940 e acabou estendéndose a todos os inculpados naquela causa. Porén, o indulto chegou cando Ricardo levaba xa máis de dez anos falecido, tras unha vida marcada pola persecución e a violencia.

5.2.1. Información adicional para a identificación de Ricardo Fernández Carlés

Segundo as dilixencias de levantamento de cadáveres, Ricardo foi atopado nas inmediacións da casa de Vilas deitado en posición de cúbito supino e coa cabeza cara o sueste. Presentaba múltiples feridas de arma de fogo na cara e no pescozo, moi desfeito na parte esquerda. O brazo dereito estaba estendido en cruz, e o esquerdo repousaba sobre o corpo. Vestía camiseta de punto branca interior, camisa percal con listas brancas e vermellas, chaleco de punto marrón, pantalón e americana de corte gris escura con listas brancas, zapatos de becerro sen tinguir e calcetíns de algodón marrón.

O informe da autopsia (páx. 14 da causa) describe:

- Hábito exterior: presenta unha extensa ferida no pescozo duns quince centímetros de extensión por dez de anchura, que abrangue pel, tecido celular subcutáneo, plano muscular e vasos do pescozo; ferida que, polo seu gran desgarro, parece producida polo estalido dunha granada de man, resultando alcanzado polo percutor ou por unha das porcións máis grosas da metralla habitual desas armas.
- Cavidade cranial: resultou alcanzada pola forza explosiva e o cranio quedou aberto en comunicación coa ferida do pescozo, que se prolongaba pola cara, de onde resultou que a base do cranio presentaba unha grosa solución de continuidade, sen que a destrución do tecido nervioso fose tan considerable como nos outros tres casos [refírese aos outros cadáveres], pero cunha destrución suficiente para facela incompatible coa vida.
- Cavidade torácica: aberta a cavidade torácica, observouse que presentaba adherencias pleurais e sangue líquida no corazón. Non presentaba outras lesións de violencia.
- Cavidade abdominal: ningún dato de interese digno de mención.

5.3. Vicente López Novo, "El hijo de la Nova" e "Rufino"

Vicente López Novo, coñecido polos seus alcumes de *Rufino* e *El hijo de la Nova*, naceu en Santa Uxía de Ribeira. Segundo o padrón de habitantes, era fillo de Carmen López Novo e non tivo irmáns. Os datos sobre o seu nacemento son difusos e sitúase entre 1917 e 1919[36]; do mesmo xeito, o nome do pai non aparece en ningún rexistro da casa familiar. Porén, na ficha consultada no Centro Documental da Memoria Histórica e na Causa 1648 de 1939 da Plaza de Castellón de la Plana[37], figura a referencia a un xornaleiro chamado Antonio como suposto pai.

En relación coa data de nacemento, na folla 3 da Causa 1648/1939 Vicente indicou que naceu o 18 de febreiro de 1918, mentres que no rexistro de nacemento consta o 20 de febreiro de 1918 e, novamente, só aparece a referencia á nai. Noutro documento, concretamente na súa de filiación á Lexión[38], queda rexistrado o 24 de febreiro de 1918. Sexa como for, Vicente levou os apelidos maternos e todo parece indicar que naceu no mes de febreiro do ano 1918.

Segundo o padrón de habitantes do Concello de Ribeira, Vicente e súa nai vivían en Deán Pequeno nº 5, xunto coa avoa de Vicente, Ramona Novo Martínez, viúva xa desde 1906. Ramona tería os seguintes fillos: Carmen (nai de Vicente), Ventura (tío de Vicente e mariñeiro) e Vicente (tío de Vicente), este último debeu morrer de cativo, pois non volve figurar en rexistros posteriores a 1906.

No padrón de 1930 aparecen residindo no mesmo enderezo Ramona, Carmen e Vicente, por aquela entón de 13 anos, e Ventura figura como ausente. Dez anos despois, en 1940, Ramona e Carmen seguen na mesma casa, e tanto Ventura como Vicente constan como ausentes; situación que se prolonga no tempo ata o falecemento de Ramona. No padrón municipal de 1970 Carmen, que tería ao redor de 76 anos, vivía soa na mesma aldea, na casa con nº 102.

[36] No Padrón Municipal de Ribeira de 1930, aparece como que ten 13 anos, e no de 1940 figura que naceu no 1918. Por outro lado, na acta de defunción do Rexistro Civil de Teo figura como que naceu en 1919, e no libro parroquial de defunción non se fai alusión á súa idade.
[37] Arquivo Histórico de Defensa: TMT 1 Madrid: Causa 1648/1939
[38] Fonte: documentación achegada polo Archivo Militar Intermedio Sur.

Así mesmo, segundo as declaracións realizadas polo propio Vicente no *procedemento sumarísimo de urxencia nº 57352* do ano 1938, este manifesta que seu tío residía naquela altura en Bos Aires e fixo tamén alusión a un primo, aínda que sen especificar onde se atopaba este último. Entendemos que se refería ao seu tío Ventura, información que abre unha posible vía de investigación para a localización de familiares no exterior[39].

A CRMHB, xunto con veciños de Deán Pequeno, realizou diversas pescudas orientadas á localización de posibles familiares. Porén, estas investigacións non deron resultados positivos, tal e como xa se prevía a partir da investigación histórica preliminar desenvolvida no marco do presente Plan de Memoria Democrática. Non obstante, segundo informou a CRMH da Barbanza, e no marco das súas propias actuacións, foi localizada a tumba da nai de Vicente, Carmen. Achegamos como Anexo III a noticia publicada en *La Voz de Galicia* o 7 de xaneiro de 2026, na que a asociación dá conta deste achado.

En canto á vida laboral, sindical e política, Vicente era mariñeiro e estaba afiliado ao "Sindicato General de Trabajadores" (SGT), de orientación cenetista (Fernández E., e Pereira, D., 2003: 419). A partir de 1935 este sindicato impulsou o Sindicato de Industria Pesquera (SIP), que en 1936 contaba con 1.500 afiliados en Ribeira (Pereira, 2005: 108), ao que Vicente puido incorporarse.

Co golpe militar de 1936, a Barbanza converteuse nun "campo abonado para unha represión mortal que dirixiu as súas rabexadas máis salvaxes cara aos militantes dos partidos obreiros e sindicatos de clase" (Ibídem, 2005: 139). Entre as vítimas estiveron destacados sindicalistas de Ribeira: Marcial Vicente Iglesias Rodríguez, secretario do SGT da CNT, executado en Compostela o 9 de xullo de 1937; o cenetista José Lijó Louro, coñecido como "Pepe o Cocheiro", tamén executado en Compostela en xaneiro de 1937; Julio Silva Vilas, directivo da UXT, igualmente executado en Compostela; Manuel Fernández Sendón, uxetista e piloto da mariña mercante, que correu a mesma sorte; ou Eugenio Rodríguez Bilbao, médico afiliado

[39] Fonte: Archivo Histórico de la Defensa. Fondo Militar Territorial 1. Serie: Sumarísimos, Madrid. Sumario 57352. Expediente 2823.

ao PSOE, tamén executado. Outro caso foi o de José Sieira González, mariñeiro pertencente ao SGT da CNT, que foi torturado nas dependencias da Garda Civil do Porto do Son antes de ser executado[40]. A todos eles abríuselles unha causa[41] por rebelión, xunto con outros veciños de Ribeira acusados de dirixir a resistencia ao golpe, requisar armas, vehículos e radios, entre outros feitos.

Neste contexto, pode formularse a hipótese de que Vicente, co obxectivo de evitar a mesma sorte sufrida por outros sindicalistas da contorna, optase por fuxir ao monte. Parece que isto puido ocorrer, tal e como se desprende das súas declaracións no Sumario 57352[42], documento que veremos máis adiante.

Así mesmo, segundo a interpretación de Dionisio Pereira, podería terse vinculado con José Fernando Fernández Vázquez, coñecido como "comandante Soutomaior", militante do Partido Comunista e natural da Pobra do Caramiñal, no marco dos intentos de artellar unha resistencia armada na zona, experiencia que rematou a finais de 1937 coa incorporación deste á mariña republicana.

No marco das nosas investigacións en arquivos, a seguinte referencia sobre Vicente lévanos ao ano de 1938:

[40] Todos os citados foron inhumados no Cemiterio Municipal de Boisaca. Información da fosa de Boisaca: https://www.nomesevoces.net/gl/lugares/cartografia/fosas/102/x
[41] A Causa 456/1936 (AIMNOR) concluíu coa súa condena á pena de morte.
[42] Archivo Histórico de la Defensa. Fondo Militar Territorial 1. Serie: Sumarísimos, Madrid. Sumario 57352. Expediente 2823.


LOPEZ
Vicente
NOVO

Natural de Santa Eugenia de Ribeira(Coruña)Hijo de Antonio y Carmen-Marinero-Afiliado a la C.N.T.-Perteneciente a la 5ªBandera de la Legión(19 Compañia) Evadidó de la Zona Nacional a la Roja a las 18,30 h del 12-1-1938
(S.M. Leg.10.684 Exp.28

Ficha de Vicente López Novo. Fonte: Centro de Documental da Memoria Histórica. Ref. Ficheiro ES.37274.CDMH/4//DNSD-SECRETARIA,FICHERO,36,L0061047 .

A partir desta referencia localizamos o *Boletín Oficial del Estado* de 1943[43], no que se recollían as liberdades condicionais da Prisión Central de San Miguel de los Reyes, en Valencia[44]. Nese documento aparece o nome dun Vicente López Novo cuxa data de liberación sería o 26/07/1943, baixo a fórmula de "libertad condicional provisional, con la liberación definitiva del destierro". Aínda que nun primeiro momento non puidemos confirmar con total certeza que se tratase da persoa obxecto da nosa investigación, todo apuntaba a que era unha hipótese plausible, xa que resultaba probable que estivese penado por deserción da Lexión.

Para contrastar esta hipótese solicitamos ao Arquivo do Tribunal Militar Territorial nº 1 de Madrid a Causa 1648 de 1939[45], de Castellón, xunto con outra documentación que fomos recibindo ao longo dos meses desde a realización do informe previo[46]. Neste sumario atopamos informacións interesantísimas que abren novas vías de estudo e análise, mais que aquí nos limitamos a describir e acordo á natureza deste informe.

O sumario 1648/39 reafirma que Vicente era mariñeiro e estaba afiliado á CNT, circunstancia que resultaba suficiente para situalo no punto de mira das autoridades franquistas como inimigo e "facedor de todo mal". Na páxina 5 da causa, as autoridades da Coruña afirman que

[43] BOE número 235 DE 23/08/1943, páxina 8191 (columna 1). Ligazón de consulta: https://boe.es/datos/pdfs/BOE/1943/235/A08190-08194.pdf#page=2
[44] Non atopamos o seu nome durante a consulta da "Pieza terceira de Valencia, Cárceles y Sacas" no PARES. Código de referencia: ES.28079.AHN//FC-CAUSA_GENERAL,1391,Exp.1
[45] Serie: Sumarisimos, Castellón, 1939. Referencia: Sumario 1648, Caixa 14130, Orde 4
[46] O día 16/09/2025 expediuse o informe histórico previo, que ten como base a actual versión final.

formou parte "de la guardia roja del pueblo (...) habiendo practicado registros a mano armada (...) afiliado a la sociedad sindical titulada CNT siendo sus ideales de un marxista; y su conducta observada fue mala, llegando al extremo de maltratar a sus familiares y de embriagarse constantemente". Aínda que a CNT era unha organización de carácter anarquista, que non marxista, cómpre subliñar que a afiliación sindical no contexto rural non implicaba necesariamente unha militancia política definida, senón que moitas veces respondía a necesidades laborais ou comunitarias.

Na súa declaración (páxina 8 da Causa 1648/1939), supostamente Vicente relata que cando estalou o "Movimiento Nacional" se atopaba en Ribeira e que non pertencía a ningún partido nin sindicato, nin tampouco participara nos rexistros realizados durante os tres ou catro días nos que funcionou o "Comité Rojo". Afirma, ademais, que en agosto de 1936 se alistou en Barcelona "por no tener medio de vida", e que o 12 de maio de 1937 ingresou na Lexión[47], permanecendo nela ata o 12 de xaneiro de 1938. Durante ese tempo estivo na 5ª Bandeira, na fronte de Madrid, e cando se dirixían cara Estremadura, decidiu desertar xunto cun compañeiro tras coñecer que os "nacionales" perderan en Teruel. Pasáronse entón ao bando republicano e foron enviados primeiro a Barcelona e despois a Almería, onde foron destinados á 221 Brigada, permanecendo inicialmente na retagarda ata que os enviaron á fronte de Levante. Porén, ao día seguinte de chegar Vicente volveu pasarse ao bando franquista e, en palabras dos mesmos, "creyendo que al pasarse otra vez a los Nacionales le perdonarían el haberse pasado anteriormente a los rojos".

A información achegada tanto pola Causa 1648/1939 como polo *procedemento sumarísimo* nº 57352 contribúe a reconstruír parcialmente unha traxectoria vital condicionada pola coerción militar, a mobilidade forzada e as estratexias de supervivencia propias dun contexto de violencia.

[47] Esta data correspóndese coa indicada na ficha de filiación ao 2º Tercio da Lexión, onde ademais de referir como data de nacemento o 24 de febreiro de 1918, figuraban as súas medidas antropométricas: 1,62 m de altura, o seu perímetro torácico era de 89 cm e pesaba 63 kg. Fonte: Arquivo Militar Intermedio Sur.

Neste sentido, o sumario nº 57352 incorpora un documento que supostamente procede do exército republicano. Este texto ofrece unha segunda versión dos feitos tamén relatados, supostamente, polo propio Vicente, que reforzaría a hipótese da súa fuxida ao monte tras o golpe. Nel manifesta que participou na requisa de armas e na ocupación do concello de Ribeira xunto con outros membros do sindicato local, refuxiándose posteriormente no monte tras a caída da resistencia e sendo detido poucos días despois, momento no que foron "fusilando a los directivos de las sociedades obreras y deteniendo a los militantes de ella". Relata tamén os vinte e cinco días de prisión en Ribeira e o posterior traslado á cadea de Santiago de Compostela, da que foi posto en liberdade aproximadamente un mes despois. Logo, sería detido novamente, impoñéndoselle "la condición de alistarse en el tercio o ingresar en la cárcel, optando por lo primero siendo trasladado a Santiago de Compostela".

Segundo esta mesma declaración, foi destinado sucesivamente a Talavera, á Cuesta de las Perdices, ao barrio do Lucero, Toledo, Vaciamadrid e Pinto, realizando servizos de trincheira e períodos de instrución ata o momento da súa evasión ás liñas republicanas, realizada xunto con Camilo Silva mediante unha manobra de engano ao sentinela. Nas respostas posteriores afirma que a súa nai e a súa avoa permanecían no seu pobo natal e que non temía represalias contra elas pola súa idade e condición. Ademais, fai referencia —como xa adiantamos anteriormente— a un tío residente en Buenos Aires, "que le remite cierta cantidad y además un primo suyo también velará por ellas". Tamén xustifica o paso ao bando republicano pola súa militancia nas Juventudes Libertarias e declara estar disposto a combater en defensa do Goberno da República.

Preguntado que fixera nas eleccións de febreiro de 1936, declarou que non votara por non ter dereito a voto, aínda que si participara na colocación de pasquíns sindicais na vía pública. Engadiu tamén que obrigara a mariñeiros do porto a sindicarse nalgunha das organizacións existentes e que, en caso contrario, non se lles permitiría traballar, manifestando igualmente a súa participación en accións contra sectores dereitistas.

Por motivos que non poden establecerse con claridade a partir da documentación conservada, Vicente regresou ao bando franquista e foi apresado e internado no Campo de Concentración de Castellón. En 1939 foi xulgado por "delito de adhesión a la rebelión militar" e tamén por traizón. A sentenza inicial foi a pena de morte, conmutada posteriormente a 30 anos de cárcere e despois reducida a 12. Cumpriu catro deles na prisión de San Miguel de los Reyes, onde ingresou o 20 de febreiro de 1939. Durante o seu internamento consérvase constancia dunha carta remitida pola súa avoa Ramona, datada o 26 de febreiro de 1943, cando contaba con 87 anos, na que manifestaba que levaba máis de seis anos co seu neto preso "(...) en la Prisión Central de San Miguel de los Reyes de Valencia, sin que hasta la fecha le hayan instruido expediente de conmutación de pena, y como este nieto era mi único familiar que me ayudaba a vivir, me veo en la mayor indigencia (...) por todo ello suplico tenga a bien ordenar sea revisada la condena (...)". No mesmo expediente inclúese tamén un certificado de boa conduta expedido polo alcalde da época, Miguel Rodríguez Bautista, a petición da nai e da avoa de Vicente[48].

O 27 de abril de 1943 obtivo a liberdade condicional con residencia fixada en Ribeira, na rúa Arenal. Porén, ese mesmo ano unha providencia do xuíz García Otero de Touro recolleu que non se lle puidera notificar a denegación dos beneficios de prisión atenuada porque "nin esa rúa existía nin Vicente era coñecido na parroquia".

Desde a súa saída en liberdade condicional, a información dispoñible é fragmentaria, pero todo apunta a que Vicente seguiu fuxindo, ata acabar integrándose na resistencia armada antifranquista. As seguintes referencias documentais lévano xa a 1947, cando se incorpora á V Agrupación do Exército Guerrilleiro de Galicia xunto con Julio Bazarra Constenla, veciño da Pobra do Caramiñal. En 1948 aparece como responsable dun dos destacamentos da Agrupación, cargo que mantivo ata a reunificación posterior á morte do Corcheiro.

[48] Fonte: Ministerio de Defensa, Dirección General de Reclutamiento y Enseñanza Militar: Caixa 300094/7264 PM López Novo, Vicente.

O sumario nº 57352 continúa alimentándose de providencias, dilixencias e burocracia xudicial ata 1951, ano no que se dá por extinguida a súa pena, cando Vicente xa levaba tres anos falecido.



RE 1440 16-12-50

Reiterado 1554 11-8-51

Ofiú 2736 16-12-50

M B.

2258-91

Valencia del Cid a 13 de Diciembre de 1947.

De conformidad con el anterior dictamen de mi Auditor ACUERDO el licenciamiento del penado VICENTE LOPEZ NOVO extinguirá para el día 16 Febrero 1951 el cual quedará en libertad definitiva por lo que respecta a la causa n.º 1648-C-39. Vuelvan las actuaciones al Juez Militar de Ejecutorias de Castellón para cumplimiento, notificación a la cárcel y constancia en autos.

EL CAPITÁN GENERAL

Folla 64 da Causa 1648/1939

5.3.1. Información adicional para a identificación de Vicente López Novo

Segundo as dilixencias de levantamento de cadáveres, o corpo de Vicente López Novo apareceu arrimado ao de Manuel Agrasar Cajaraville, en posición de cúbito lateral esquerdo e cos brazos dobrados. Presentaba varias feridas producidas por arma de fogo na *paletilla* esquerda e no cranio, con orificio de saída. Vestía pantalón e americana de corte azul mariño, camisa branca con listas de cor e presentaba calvicie na parte alta da cabeza.

O informe da autopsia recolleu o seguinte:

- Hábito exterior: ademais dos signos cadavéricos habituais (livideces, rixidez etc.), presentaba dúas feridas de bala na fronte, e estaba ensanguentado.
- Cavidade cranial: ao abrir a cavidade observouse unha gran desfeita do encéfalo e das súas envolturas, localizándose no occipital un amplo boquete na calota, correspondente á saída dos dous proxectís que coinciden na parte central, e levantando as partes brandas saían ao exterior. Como consecuencia, tanto o cerebro como o cerebelo aparecían intensamente ensanguentados e "hechos una pulpa", especialmente na base, dado que as balas atravesaran os núcleos basais.
- Cavidade torácica: non se apreciaron datos de interese en relación coa causa da morte. O corazón estaba exsangüe e os pulmóns ennegrecidos de fumador.
- Cavidade abdominal: ningún dato relevante para a determinación da morte.

Segundo consta na páxina 3 da Causa 262/1948, no momento da súa morte Vicente López Novo portaba unha carteira na que se atoparon dous billetes de cen pesetas e unha imaxe da Pasionaria. Do mesmo xeito que no caso de Ricardo Fernández Carlés, ningún destes obxectos se conserva actualmente na causa: os cartos foron ingresados nas arcase non hai constancia posterior do resto de pertenzas.

Con respecto a esta cuestión, realizamos diversas consultas no Tribunal Militar nº 1 de Madrid, onde se nos indicou que non existe documentación sobre o destino das pertenzas das persoas falecidas e inhumadas en fosas comúns. Só de maneira contextual e a través de determinados relatos pode deducirse que, nalgúns casos, os obxectos eran entregados ás familias, mais sen certeza de que isto se producise de forma sistemática.

5.4. Florentino Palacios Menéndez, "Tino"

Para a identificación da cuarta vítima atopámonos nun principio con diferentes versións sobre o seu nome. Na propia causa relativa ao 19 de maio de 1948 aparece citado como *Constantino Menéndez*, e o mesmo acontece no Rexistro Civil, onde se inscribe a súa morte sen facer constar nin a súa procedencia. Porén, engadiuse posteriormente unha nota aclaratoria coa rectificación do seu nome completo, idade e lugar de nacemento. Trátase de Florentino Palacios Menéndez, coñecido como "Tino", "Asturiano" ou "Tubero", de profesión mineiro, nacido en 1923 e fillo de Joaquín e Sabina. Florentino era natural da aldea de Los Cuarteles de Peñarrubia, da parroquia de Lada (Langreo, Asturias).

Segundo Lupe Martínez (2023: 299), Florentino Palacios Menéndez exerceu como enlace e participou nos *Caxigales* ata a caída do Partido Comunista en Asturias. Nese momento tentou cruzar a fronteira polos Pireneos, mais ao fracasar incorporouse á resistencia antifranquista galega xunto con Manuel Rodríguez Gundín, alcumado "O Asturiano".

A mesma autora sinala que Florentino tería participado directamente na execución de Víctor García, coñecido como o "Brasileño". Con todo, outras fontes ofrecen versións alternativas: Víctor Manuel Santidrián Arias (2002: 298), ao tratar a caída de José Gómez Gayoso, recolle a interpretación de Seoane que atribúe a autoría material da morte do "Brasileño" a Eugenio Rueda Perosanz, natural de Oviedo e tamén alcumado "O Asturiano".

O certo é que o "Brasileño", do mesmo xeito que Florentino ou Rodríguez Gundín, tentou cruzar os Pireneos trala caída da resistencia en Asturias. Tanto Florentino como Rueda traballaron nas minas de Fontao (Silleda), un espazo determinante no artellamento do PCE en Galicia e que funcionou como punto de encontro de numerosos militantes antifranquistas. Sen afondar aquí na súa historia, parece que o Partido Comunista tivo un papel determinante na súa eliminación, por consideralo unha figura incómoda dentro da organización.

Pola súa parte, o "Brasileño" buscou refuxio no grupo volante dos Corcheiros, pertencente á V Agrupación do Exército Guerrilleiro de Galicia, na que Florentino se integrara en 1947. De

acordo con diversas publicacións, sinálase que foron precisamente guerrilleiros vinculados a esta agrupación os que executaron a orde: un ano máis tarde, en 1948, Víctor García aparecería morto.

Tras realizar diversas consultas en arquivos militares e fondos documentais vinculados á administración de defensa, a información dispoñible sobre Florentino continúa a ser moi limitada. Apenas podemos afirmar que figura como fuxido desde 1946 (92: 2017)[49] e que a súa traxectoria permanece pouco documentada nas fontes consultadas.

Durante a realización das investigacións preliminares e nas fases posteriores do traballo desenvolto no marco do Plan Cuadrienal de Memoria Democrática 2025, non foi posible localizar familiares de Florentino. Ao longo de todo o proceso mantivemos contacto coa xornalista Patricia Martínez; coa profesora titular da Universidade de Oviedo, María del Carmen García García; coa concelleira de Memoria Democrática do Concello de Langreo, Angelita Cueva Fonseca; e coa directora xeral de Memoria Democrática, Begoña Collado Villa. Todas elas colaboraron activamente na procura de máis información que puidese contribuír á localización de familiares ou á ampliación dos datos dispoñibles sobre Florentino.

5.4.1. Información adicional para a identificación de Florentino Palacios Menéndez

As dilixencias de levantamento de cadáveres indican que o corpo de Florentino Palacios Menéndez foi atopado nas inmediacións da coñecida como *casa de Vilas*, en Loureiro, a uns catro metros do de Ricardo Fernández Carlés.

Descríbese así: tendido no chan, en cúbito supino, coa cabeza orientada ao noroeste. O brazo dereito estendido formando cruz co corpo, o esquerdo ao longo do corpo. Presenta ferida no ollo esquerdo, baleirado e con de saída pola cabeza; e outra ferida no corpo, entre o esterno

[49] GARCÍA PIÑEIRO, R. 2017. “Atlas-guía de la represión, la guerrilla y la violencia política en Asturias (1937-1958)”. Oviedo, pp.92-93.

e a gorxa. Vestía camiseta de punto branca, sobre ela unha pescadora gris moi clara, chaqueta escura con listas brancas, pantalón *breeches* de pana negra e sen zapatos.

O informe de autopsia engade máis detalles:

- Hábito exterior: home adulto, de entre 25 e 30 anos. Presenta dúas feridas de arma de fogo que penetran pola rexión temporal dereita e polo ollo dereito, saíndo pola caluga a primeira e un pouco máis á esquerda a segunda, lesionando ambas todo o sistema basal do encéfalo.
- Cavidade cranial: as desfeitas correspondentes ás feridas e traxectos *lesionales* descritos no hábito exterior.
- Cavidade torácica: ferida de bala que entra á altura do sexto espazo intercostal e sae xunto ao *raquis* á altura da décima costela, aínda que sen lesionala.
- Cavidade abdominal: o estómago contiña restos alimenticios en proceso inicial de dixestión. Detectouse sangue espesa e coagulada na rexión máis declive correspondente á ferida que presenta o fígado na parte superior ou convexidade, resultado do disparo que procede do tórax do lado oposto e alcanza a porción mais elevada e posterior da víscera.

6. Fichas resumo sobre as vítimas

	**MANUEL AGRASAR CAJARAVILLE**	
Datos persoais	**Natural de**	A Matanza (Iria Flavia - Padrón)
	Veciño de	Ídem. anterior
	Idade	35-36
	Profesión	Carpinteiro, militar voluntario na Armada
	Filiación/s	-
	Data, lugar de morte	19 ou 20 de maio de 1948 Monte de Fornelos, aldea de Loureiro
	Resumo	Hipótese de que fora apresado e asasinado na noite do 19 para o 20 de maio. Segundo sumario: corpo en posición de cúbito prono, coa cabeza orientada cara ao norte, presentando múltiples feridas de arma de fogo en diferentes partes, incluída a cabeza, con orificio de saída. Vestía unha

		chaqueta clara e pantalóns *breeches* de pana castaño claro. O informe facultativo da autopsia: • Hábito exterior: tres orificios de ferida de arma de fogo, dous localizados na fronte e un na rexión parietal dereita. Todos eles presentaban orificios de saída na zona oposta, provocando unha importante desfeita e perda de substancia ósea, así como rachaduras coincidentes no coiro cabeludo. • Cavidade cranial: non se puido abrir pola desfeita que produciron as feridas de bala. Observouse unha profunda atrición dos tecidos da substancia nerviosa, aparecendo a caviade practicamente baleirada. • Nin na cavidade torácica nin na abdominal "se pudo recoger dato alguno digno de mención".
Fontes relacionadas	**Causa militar**	Causa 1094/1937 do Arquivo Naval de Ferrol Causa 425/1937 do Arquivo Naval de Ferrol Causa 239/1948, AIMNOR Causa 262/1948, AIMNOR
	Entrevistas	-

	Rexistro de defuncións	No Rexistro Civil de Teo. Núm. 122 ano 1948 No libro parroquial de defuncións de Luou, 1930
	Outras	-

RICARDO FERNÁNDEZ CARLÉS		
Datos persoais	**Natural de**	San Xulián, Pontecesures
	Veciño de	Ídem. anterior
	Idade	35
	Profesión	Labrego
	Filiación/s	-
	Data, lugar de morte	19 de maio de 1948, aldea de Loureiro
	Resumo	Segundo as dilixencias de levantamento de cadáveres, Ricardo foi atopado nas inmediacións da casa de Vilas deitado en posición de cúbito supino e coa cabeza cara o sueste. Presentaba múltiples feridas de arma de fogo na cara e no pescozo, moi desfeito na parte esquerda. O brazo dereito estaba estendido en cruz, e o esquerdo repousaba sobre o corpo. Vestía camiseta de punto branca interior, camisa percal con listas brancas e vermellas, chaleco de punto marrón, pantalón

		e americana de corte gris escura con listas brancas, zapatos de becerro sen tinguir e calcetíns de algodón marrón. O informe da autopsia (páx. 14 da causa) describe: • Hábito exterior: presenta unha extensa ferida no pescozo duns quince centímetros de extensión por dez de anchura, que abrangue pel, tecido celular subcutáneo, plano muscular e vasos do pescozo; ferida que, polo seu gran desgarro, parece producida polo estalido dunha granada de man, resultando alcanzado polo percutor ou por unha das porcións máis grosas da metralla habitual desas armas. • Cavidade cranial: resultou alcanzada pola forza explosiva e o cranio quedou aberto en comunicación coa ferida do pescozo, que se prolongaba pola cara, de onde resultou que a base do cranio presentaba unha grosa solución de continuidade, sen que a destrución do tecido nervioso fose tan considerable como nos outros tres casos [refírese aos outros cadáveres], pero cunha destrución suficiente para facela incompatible coa vida.

		• Cavidade torácica: aberta a cavidade torácica, observouse que presentaba adherencias pleurais e sangue líquida no corazón. Non presentaba outras lesións de violencia. • Cavidade abdominal: ningún dato de interese digno de mención.
Fontes relacionadas	**Causa militar**	Causa 302/1937, AIMNOR Causa 238/1945, AIMNOR Causa 239/1948, AIMNOR Causa 262/1948, AIMNOR
	Entrevistas	-
	Rexistro de defuncións	No Rexistro Civil de Teo. Núm. 125 ano 1948 Libro parroquial de defuncións de Luou, 1930
	Outras	• Cartilla de filiación á Armada, consultada no Arquivo Naval de Ferrol. Nela constan as súas medidas antropométricas: 1,68 m de altura, perímetro torácico de 90 cm e un peso de 66 kg no ano 1933. • Do Centro Documental da Memoria Histórica, o expediente de responsabilidades políticas de Ricardo Fernández Carlés. As referencias son: Tribunal Nacional de Responsabilidades Políticas (Centro Documental de la

		Memoria Histórica). 75/00027, Pontevedra. Indulto de 1960. Notas: Audiencia provincial da Coruña. Do mesmo centro outro expediente de responsabilidades políticas de 1941: 75/00223. Pontecesures. Indulto (1941 - 1941). Notas: Tribunal de Responsabilidades Políticas de La Coruña

VICENTE LÓPEZ NOVO		
Datos persoais	**Natural de**	Deán Pequeno, Ribeira
	Veciño de	Ídem. anterior
	Idade	29-30
	Profesión	Mariñeiro
	Filiación/s	SGT - CNT
	Data, lugar de morte	19 ou 20 de maio de 1948, monte de Fornelos ou aldea de Loureiro
	Resumo	Segundo a causa 262/1948 , o corpo de Vicente López Novo apareceu arrimado ao de Manuel Agrasar Cajaraville, en posición de cúbito lateral esquerdo e cos brazos dobrados. Presentaba varias feridas producidas por arma de fogo na *paletilla* esquerda e no cranio, con orificio de saída. Vestía pantalón e americana de corte azul mariño, camisa branca con listas de cor e presentaba calvicie na parte alta da cabeza. • Hábito exterior: ademais dos signos cadavéricos habituais (livideces, rixidez etc.), presentaba dúas feridas de bala na fronte, e estaba ensanguentado. • Cavidade cranial: ao abrir a cavidade observouse unha gran desfeita do encéfalo e das súas envolturas, localizándose no

		occipital un amplo boquete na calota, correspondente á saída dos dous proxectís que coinciden na parte central, e levantando as partes brandas saían ao exterior. Como consecuencia, tanto o cerebro como o cerebelo aparecían intensamente ensanguentados e "hechos una pulpa", especialmente na base, dado que as balas atravesaran os núcleos basais. • Cavidade torácica: non se apreciaron datos de interese en relación coa causa da morte. O corazón estaba exsangüe e os pulmóns ennegrecidos de fumador. • Cavidade abdominal: ningún dato relevante para a determinación da morte.
Fontes relacionadas	**Causa militar**	Causa 1648 de 1939 da Plaza de Castellón de la Plana Arquivo do Tribunal Militar Territorial nº 1 Causa 239/1948, AIMNOR Causa 262/1948, AIMNOR Fondo Militar Territorial 1. Serie: Sumarísimos, Madrid. Sumario 57352. Expediente 2823, Archivo Histórico de la Defensa.
	Entrevistas	-
	Rexistro de defuncións	No Rexistro Civil de Teo. Núm. 123 ano 1948 Libro parroquial de defuncións de Luou, 1930
	Outras	Cartilla de filiación á Lexión, Archivo Militar Intermedio Sur. Ademais de referir como data de

		nacemento o 24 de febreiro de 1918, figuraban as súas medidas antropométricas: 1,62 m de altura, o seu perímetro torácico era de 89 cm e pesaba 63 kg.

FLORENTINO PALACIOS MENÉNDEZ		
Datos persoais	**Natural de**	Los Cuarteles de Peñarrubia, da parroquia de Lada (Langreo, Asturias)
	Veciño de	Ídem. anterior
	Idade	34
	Profesión	Mineiro
	Filiación/s	Probablemente CNT, pero sen ref.
	Data, lugar de morte	19 de maio de 1948, aldea de Loureiro
	Resumo	Atopado nas inmediacións da coñecida como *casa de Vilas*, en Loureiro, a uns catro metros do de Ricardo Fernández Carlés. Tendido no chan, en cúbito supino, coa cabeza orientada ao noroeste. O brazo dereito estendido formando cruz co corpo, o esquerdo ao longo do corpo. Presenta ferida no ollo esquerdo, baleirado e con de saída pola cabeza; e outra ferida no corpo, entre o esterno e a gorxa. Vestía camiseta de punto branca, sobre ela unha

		pescadora gris moi clara, chaqueta escura con listas brancas, pantalón *breeches* de pana negra e sen zapatos. • Hábito exterior: home adulto, de entre 25 e 30 anos. Presenta dúas feridas de arma de fogo que penetran pola rexión temporal dereita e polo ollo dereito, saíndo pola caluga a primeira e un pouco máis á esquerda a segunda, lesionando ambas todo o sistema basal do encéfalo. • Cavidade cranial: as desfeitas correspondentes ás feridas e traxectos *lesionales* descritos no hábito exterior. • Cavidade torácica: ferida de bala que entra á altura do sexto espazo intercostal e sae xunto ao *raquis* á altura da décima costela, aínda que sen lesionala. • Cavidade abdominal: o estómago contiña restos alimenticios en proceso inicial de dixestión. Detectouse sangue espesa e coagulada na rexión máis declive correspondente á ferida que presenta o fígado na parte superior ou convexidade, resultado do disparo que procede do tórax do lado oposto e alcanza a porción mais elevada e posterior da víscera.

Fontes relacionadas	**Causa militar**	Causa 262/1948, AIMNOR
	Entrevistas	-
	Rexistro de defuncións	No Rexistro Civil de Teo. Núm. 124 ano 1948 Libro parroquial de defuncións de Luou, 1930
	Outras	-

7. Documentación do espazo a intervir: localización da fosa

No lugar onde hoxe se ergue a igrexa de Santa María de Luou situábase antigamente a Capela de Santa Margarida[50], trasladada desde a súa localización orixinal na aldea de Loureiro. Aquel traslado marcou o inicio da construción da nova igrexa, un proceso longo que comezou arredor de 1788.

A anterior igrexa parroquial estaba na Carballeira de Vales, no lugar da Eirexe —onde hoxe se atopa a casa reitoral—, pero foi destruída por un incendio en 1757. Os seus materiais foron reaproveitados para levantar a nova edificación. As obras comezaron coa restauración da capela e prolongáronse ata 1832, cando se concluíu a fachada e o arco.

Posteriormente a igrexa sufriu varias transformacións: en 1847 levantouse a torre, na que se instalou unha campá fundida polo compostelán Dámaso Palacio; en 1872 un raio destruíuna, mais sería reconstruída ao ano seguinte. A porta principal actual data de 1927.



Fotografía da Romería de Santa Margarida, 1913. Fonte: Arquivo Municipal de Teo

[50] De acordo aos traballos de investigación de Pablo Sanmartín sobre a capela, esta foi construída a redor do s. XII na aldea de Loureiro e con advocación inicial a San Silvestre. A mediados do s. XVII o mesmo investigador atopa referencias nos libros de culto e fábrica nas que sinalan o estado ruinoso da capela.

Nos muros exteriores aínda se conservan perpiaños decorados procedentes da primitiva igrexa medieval, testemuña do aproveitamento de elementos construtivos ao longo da súa historia.

O cemiterio de Luou foise conformando no propio adro da igrexa, aproveitando o espazo inmediato á súa fachada e practicando as inhumacións directamente no chan. En 1928, o Concello de Teo abriu un expediente[51] relativo á petición da Sociedade Protectora en Bos Aires para construír un novo cemiterio. Esta entidade xustificaba a petición "a fin de que deje de utilizarse el existente que se haya poblado frente a la fachada de la iglesia".

Con todo, a demanda veciñal de contar cun novo espazo de enterramento mantívose durante décadas. Entre finais do século XX e comezos do XXI, a veciñanza promoveu a creación dun padroado para levantar un novo cemiterio. Porén, entre os socios xurdiron divisións e constituíuse outra entidade: a Asociación Veciñal "Agrupación Camposanto de Luou". Como resultado, a principios do século XXI Luou chegou a contar con tres cemiterios: o do adro da igrexa, o do padroado e o da asociación veciñal. Tras varios litixios o cemiterio do padroado, que só chegou a albergar un único defunto, foi clausurado e a sociedade disolta. Na actualidade, a parroquia conserva dous cemiterios en uso: o do adro da igrexa e o da asociación veciñal.

[51] "Expediente instruido á instancia de varios vecinos de la parroquia de Luou, para que el Sr. Cura de la misma manifieste si la Fábrica de la Iglesia cuenta con fondos para la construcción de un nuevo cementerio". Ano 1928. Fonte: Arquivo Municipal de Teo.

7.1. O cemiterio do adro da igrexa e a Casa do Belén

En 1941 ábrese un expediente, conservado no fondo do Arquivo Municipal do Concello de Teo, que recolle a disputa sobre a propiedade da parte alta da Casa de Fábrica:

"Unida al atrio cementerio de esta parroquia hay una casa en posesión de la iglesia y municipio. Que dicha casa fue edificada por la Iglesia en el año 1812, ocupando después parte de dicha casa una Escuela Pía de fundación particular hasta que allá por la 1ª República desapareció, incautándose más tarde el ayuntamiento la parte que hoy ocupa en esa casa. Que estando dedicada la parte que ocupa el municipio a vivienda y la parte de iglesia a casa de fábrica y a veces depósito de cadáveres, por eso y otras causas se hacen incompatibles muchas posesiones y siempre serán causa de discordias. Que hace más de diez años el municipio se apoderó de esta casa que era y es propiedad de la iglesia y que el párroco tendrá que reclamar judicialmente si no se le entrega".



Bosquexo de 1941. Fonte: Arquivo Municipal de Teo.

Nenas e nenos e o mestre da escola. Ano 193X. Fonte: Arquivo Municipal de Teo.

O Libro de Fábrica achega notas do párroco que permiten precisar mellor a historia do inmoble. En 1812 xa se documenta a Casa de Fábrica como tellada e cuberta. En 1828, grazas á achega de sesenta mil reais enviada desde Bos Aires por José Vidal[52] ampliouse cara ao leste para acoller unha escola. Esta funcionou ata a Primeira República, momento no que desapareceu para logo pasar parte da casa a mans municipais. O cura engade tamén que existía un pequeno terreo triangular que se prolongaba ata a esquina noroeste do adro, espazo que a veciñanza maioritaria consideraba sempre pertencente á igrexa. Entre 1925 e 1930 dito anaco foi cercado polos profesores que residían na casa, xa que despois había escola pública, e polo Concello.

[52] Da Sociedade Protectora de Bos Aires.



AYUNTAMIENTO DE TEO.

Aceptada en principio, en sesión de ocho del actual, la cesion ó venta á la Iglesia, en precio de 2.250 pesetas, los derechos del Ayuntamiento sobre la Casa-Escuela de Luou, enclavada dentro del recinto de la Iglesia, Atrio y Cementerio parroquiales, cuyo edificio poseen la Iglesia y el Ayuntamiento, ocupando éste la planta alta con destino á escuela y la Iglesia la planta baja, con destino á casa de fábrica y en alguna ocasion á deposito de cadáveres que han de ser inhumados en el Cementerio parroquial inmediato al edificio, se hace público tal acuerdo por el termino de quince dias, contados desde la insercion de éste anuncio en el Boletin Oficial de la provincia, á fin de que contra el mismo puedan producirse las reclamaciones que se estimen procedentes

Teo 19 de Noviembre de 1941.

El Alcalde,

ALCALDIA DE TEO

Parte do expediente de 1941. Fonte: Arquivo Municipal de Teo.

En 1942, o Concello aceptou a cesión e a parroquia pagou os dereitos correspondentes. Ao ano seguinte, en 1943, construíuse un muro de 12,70 metros na parte norte do atrio, encheuse con terra o terreo e abriuse unha xanela na Casa de Fábrica. Con estas obras quedou delimitada na zona do atrio que tamén fora obxecto de disputa.

Desde entón non se realizaron intervencións de importancia que modificasen a estrutura da casa, salvo pequenas reparacións. O espazo triangular en litixio acolle hoxe panteóns verticais, construídos ao redor dos anos 50.

[1] Igrexa de Santa María de Luou, procesión, 1950. No fondo aprécianse os panteóns. Fonte: Arquivo Municipal de Teo.

[2] Igrexa de Santa María de Luou, 2025. No fondo aprécianse os panteóns. Fotografía de Lucía Santiago.

Inmediato á parede da casa do belén ou casa de fábrica que dá ao adro, atopámonos cun altar, cunha lápida e cun osario.

Parede da casa do Belén inmediata ao adro da Igrexa de Santa Maria de Luou, 2025. Fotografía de Mario César Vila.

O altar, como se aprecia na fotografía do alumnado dos anos trinta, é anterior á inhumación das catro vítimas, do mesmo xeito que as lápidas situadas fronte á suposta área da fosa. A lápida que se atopa entre o osario e o altar acolle os restos da irmá do cura Manuel Somoza e data de 1961. Semella pouco probable que o propio párroco, quen dera sepultura ás vítimas da resistencia antifranquista, decidise enterrar á súa irmá nun lugar tan próximo á fosa común.

Tamén é relevante a presenza do osario, construído en 1951, xa que, segundo a hipótese que manexamos sobre a localización da fosa, situaríase moi preto dela ou mesmo parcialmente enriba.

“Erigido por Eugenio Mosquera Parajó a la memoria y como lugar de último reposo de los feligreses fallecidos en esta parroquia EPD. Año 1951” Fotografía de 2025, cedida por Pablo Sanmartín.

Se atendemos á descrición da fosa "situada a unos cincuenta cm de la pared sur de la casa de Fábrica, distante a unos siete metros de la pared sur del cementerio"[53], resulta necesario considerar as posibles alteracións nos muros que rodean ao adro. No *Libro de Fábrica* non se atopan datos relevantes sobre a súa construción, nin se detectan modificacións significativas Respecto da súa localización actual.



[53] Causa 239/1948, caixa 58, Santiago de Compostela do Arquivo Intermedio Militar Noroeste (AIMNOR).

Fotografía da igrexa de Santa María de Luou co seu muro circundante e a Casa de Fábrica. Fonte: Arquivo Municipal de Teo.

Descoñecemos a data exacta da fotografía, mais podemos situar a súa realización entre 1943 e 1951. Na imaxe vese que aínda non estaban construídos os panteóns na zona correspondente ao terreo triangular en litixio, que máis tarde sería cedido á igrexa xunto coa parte alta da Casa de Fábrica. Se pertencese a un momento no que esa parte seguía sendo propiedade do Concello e utilizada como vivenda para mestres, debería aparecer cercada, como recollía o párroco nos seus escritos de 1941. En cambio, xa se aprecia o muro de 12,70 metros levantado na parte norte do atrio en 1943, mentres que o osario, construído en 1951, aínda non aparece. Estes elementos permiten situar a imaxe nun marco temporal intermedio, entre 1943 e 1951, cando o muro se amosaba practicamente igual a como o coñecemos hoxe.

Cómpre engadir que no bosquexo que vimos anteriormente, datado a comezos dos anos corenta, xa se marca con claridade a delimitación do adro a modo muro, incluíndo as portas de acceso que se conservan na actualidade, o que reforza esta interpretación cronolóxica.

Na fotografía apréciase tamén un ciprés. A súa presenza non resulta relevante para a nosa hipótese sobre a fosa, mais pode ser de interese sinalar que, segundo unha imaxe da Romaría de Santa Margarida de 1913, foran dous os cipreses existentes daquela. O exemplar que se ve na fotografía descrita mantívose en pé ata tempos recentes.

